



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 07 DE XULLO DE 2015.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M^a CONSUEL VISPO SEARA (P P)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL GÓMEZ VAZQUEZ (PP)

D. MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D. SERAFINA VARELAS VIEIRA (D. O.)

D. JULIA JACOME PÉREZ (D.O.)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO(GRUPO MIXTO)

D. Secretaria Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

Interventora de fondos

D.^a Eva García Fernández

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 20:00 horas do día 07 de xullo de 2015 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.



Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

O sr. Alcalde toma a palabra: Boas tardes a todos e a todas, antes de iniciar a sesión queremos gardar un minuto de silencio polas dúas mulleres falecidas este último mes, en Galicia como consecuencia de actitudes machistas, violentas, por terrorismo machista, eu pido ese minuto de silencio para estas dúas persoas.

Antes de nada quería recordar ou lembrar o regulamento que rexe as sesións plenarias deste Concello, voume cingir fundamentalmente ó que fai referencia ó debate dunha moción, o partido, o grupo que presente a moción ten dereito a un uso, a unha quenda de palabra de cinco minutos, máximo de cinco minutos, a partires de aí abrírase unha quenda de palabra por cada grupo municipal, que suporá que empezará de maior a menor e finalmente o grupo que presenta a moción ten dereito a unha réplica de tres minutos e finalmente tomaran de novo a palabra os outros grupos políticos se así o consideran, un máximo tamén de tres minutos, e finalmente someterase á votación do Pleno, moitas grazas.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Dáse conta pola Secretaría da existencia dun erro de denominación, de transcripción, polo tanto o Grupo Municipal do que forma parte D. Ramón Padrón Calviño denomínase Grupo Mixto.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN (13/06/2015)

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, o primeiro punto da orde do día é a aprobación da acta de constitución da nova corporación ¿algunha consideración sobre ese acta ou están todos os grupos municipais de acordo?. Apróbase a acta entón por unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:
“Aprobación da Acta de Constitución da nova corporación (13/06/2015)”.



2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, o segundo punto da orde do día é a Declaración institucional polo día internacional do orgullo LGTBI, ten a palabra a Concelleira Ánxela.

A Sra. González toma a palabra (BNG): Boas tardes a todos e a todas, ben por primeira vez na historia do Concello de Barbadás existe a Concellería de Igualdade como tal, diferenciada e con contido propio. Foi a chegada do Bloque Nacionalista Galego ao goberno o que fixo posible o ser unha unha reivindicación histórica do Bloque neste Concello nunca efectivizada polo goberno do Partido Popular. Por primeira vez na historia tamén esta Concellería fixo posible a visibilización dun colectivo marxinado, maltratado, ocultado, e penalizado ata coa morte, segundo os distintos momentos históricos. A Concellería de Igualdade co BNG ao fronte co respaldo do Goberno Municipal visibilizará e tratará de sensibilizar implementar medidas para que todos os colectivos discriminados teñan a voz que corresponde é garanta o uso dos seus dereitos en igualdade de condicións con respecto ó resto das persoas. Por isto aproveitando a celebración do pasado 28 de xuño do día internacional do orgullo lésbico, gai, transexual, bisexual e intersexual se fixo unha declaración institucional que hoxe espero aprobemos por unanimidade tal e como se fixo na Comisión Informativa. Esta declaración vai acompañada de dúas actividades unha delas xa realizada e outra que se levará a cabo o vindeiro día 14 de xullo ás sete da tarde na Casa da Cultura para a herradicación de condutas homófobas e educación afectivo sexual á que estades todos e todas invitados. Paso agora a dar lectura á declaración institucional polo día internacional do orgullo lésbico, gai, transexual, bisexual, e intersexual.

Como cada ano o 28 de Xuño celébrase o Día Internacional do Orgullo Lésbico, Gai, Transexual, Bisexual e Intersexual. O Concello de Barbadás súmase a esta celebración manifestando a nosa firme defensa pola igualdade de todas as persoas e o total rexeitamento a calquera tipo de discriminación por cuestións de orientación sexual e de identidade de xénero.

A defensa da diversidade e a liberdade de orientación sexual e identidade de xénero é unha cuestión básica nos dereitos humanos. Polo tanto está na man de toda a sociedade, e das súas institucións, promover a transformación social necesaria para que todas as persoas e colectivos poidan vivir garantindo os dereitos á igualdade, liberdade e respecto. É por iso que o Concello de Barbadás asume como propias as reivindicacións das persoas LGBTI. Calquera outra actitude favorece as posicións sociais contrarias ao colectivo LGTBI e implica un deixamento da función dos poderes públicos de garantir a igualdade entre todas as persoas.



No pasado ano o Parlamento Galego aprobaba a Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galiza. Dende o Concello de Barbadás aplaudimos o avance que supón esta norma para toda a comunidade e comprometémonos á elaboración dun Plan de Igualdade entre Homes e Mulleres, con énfase na prevención e protección fronte a calquera tipo de ataque e acoso por razón de sexo ou identidade sexual e de xénero.

É necesario traballar non só no eido lexislativo, senón tamén no fomento dunha conciencia solidaria de toda a sociedade, que promova un cambio na actitude cara as persoas LGTBI. Debe ser parte do traballo dos poderes públicos e das persoas que os representamos a defensa dos dereitos e liberdades públicas e a construción de políticas activas antidiscriminatorias que nos leven a avanzar no camiño dunha igualdade real en todas as áreas da nosa sociedade. É tamén a nosa responsabilidade a defensa da diversidade de todos os modelos de familia, independentemente das persoas que a integren e da súa orientación e identidade, así como a normalización de todo tipo de núcleos familiares. Por iso, nesta data, o Concello de Barbadás manifesta o seu compromiso de traballar pola igualdade de todas as persoas con total independencia da orientación e identidade sexual. Queremos agradecer tamén a todas as organizacións e colectivos de defensa dos dereitos das persoas LGTBI que realizan un traballo fundamental, xa que o seu esforzo é imprescindible na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria. Así mesmo o Concello de Barbadás convida a todas as institucións públicas e á sociedade galega a amosar a súa adhesión a estas iniciativas a favor da loita pola igualdade, e a desenvolver unha labor activa na loita contra calquera forma de discriminación latente na nosa sociedade.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, pasamos á votación, ¿votos a favor? ¿Votos en contra? ¿Abstencións?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade cos votos a favor do PP do PSdeG-PSOE, do BNG, DO e Grupo Mixto do seguinte acordo: **“Declaración institucional polo día internacional do orgullo lésbico, gai, transexual, bisexual e intersexual”**.

3.- DECLARACIÓN DE SERVIZOS PRIORITARIOS E URXENCIA E NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, neste caso estamos falando da imposibilidade do funcionamento da Escola Municipal de Música sen o profesorado de un profesor de violín, un profesor de linguaxe musical, un profesor de piano para suplir a baixa por maternidade, entón por esa razón o contrato será



un contrato laboral por obra e servizo determinado consistente na impartición da docencia durante o período académico, ten a palabra o Tenente Alcalde.

O Sr. Firvida (BNG) toma a palabra: Como dicía o señor Alcalde, boas tardes aos membros da corporación e ao público asistente. Como dicía o señor Alcalde na Escola de Música Municipal de Barbadás, xurdiu o problema con tres profesores, dous deles que remataban contrato temporal e unha profesora que por unha baixa por maternidade tiña que ser substituída para garantir a continuidade na impartición de clases de violín, linguaxe musical e piano. Nós fixémonos eco desta demanda da Escola Municipal e queremos garantir a impartición destas clases e garantir este servizo. Máis o que fixemos neste caso, dende o novo goberno, foi cambiar as bases de contratación que viñan rexendo neste Concello nas corporacións anteriores, nos grupo de goberno anteriores, en concreto prescindimos dun apartado do baremo que era a entrevista persoal que puntuaba o 20% da nota final, nós decidimos retirar este apartado da baremación e agora os criterios polos que se vai rexer o tribunal avaliador son única e exclusivamente criterios obxectivos, baseados na formación académica, na experiencia laboral e na súa formación, cursos realizados e traballos desenvolvidos, unicamente como digo criterios obxectivos, non vai haber polo tanto marxe a ningún tipo de posible manipulación á hora da selección do persoal no Concello de Barbadás a partir deste momento, ademais tamén modificamos os membros que forman parte do tribunal, agora van ser tamén, polo menos os seus titulares, persoas relacionados directamente co mundo profesional para o que necesitamos contratar, neste caso trátanse de profesionais do mundo da música, como tiñan que ser funcionarios de carreira para formar parte deste tribunal, seleccionamos a profesores de música de institutos e de conservatorios. Polo tanto tamén excluímos a todas aquelas persoas que non tivesen a formación académica, acaída para facer parte dun tribunal de selección, e así garantir tamén a parte da transparencia garantir o bo funcionamento deste tribunal, e polo tanto que sexan seleccionadas as persoas en base ós criterios legalmente establecidos de publicidade, legalidade, mérito, oportunidade, e igualdade de condicións,

O sr. Alcalde toma a palabra: Hai unha quenda de intervención por cada un dos grupos municipais, ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Estamos de acordo con este punto da orde do día.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira do Grupo Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra (DO) : Boas tardes, dende Democracia Ourensana estamos de acordo con este punto.



O sr. Alcalde toma a palabra: O Grupo Municipal do BNG ten a palabra.

A sra. González toma a palabra: Dende o BNG concordamos co exposto nesa xustificación, pero ademais congratulámonos de que por fin, por primeira vez, despois de vinteoito anos estes criterios sexan os que se manifesten e todo o mundo teña as mesmas oportunidades para acceder a un posto de traballo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira do Grupo Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Dende o Grupo Socialista só destacar o cambio cualitativo o que supón este cambio nas bases e na política de contratación de persoal, a importancia dos criterios obxectivos que ata agora non viñan prevalecendo na contratación de profesionais e sobre todo na importancia da entrevista persoal.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira do Grupo Popular.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Boas tardes a toda a corporación e ó público asistente a este Pleno, dende o Grupo Popular estamos de acordo con este punto, queremos dicir que a transparencia é o que vai a seguir no noso traballo, e queremos que se siga os criterios legalmente establecidos de capacitación para as persoas, estamos de acordo co punto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois sométese o asunto a votación dado que non hai outra quenda de palabra, ¿votos a favor? ¿votos en contra? ¿abstencións?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:
“Declaración como servizos prioritarios, da escola de música, e a consideración de necesidade urxente e inaprazable a contratación do seguinte persoal, con carácter de persoal laboral temporal:

- un profesor de violín
- un profesor de linguaxe musical
- un profesor de piano para suplir unha baixa por maternidade”

4.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL.

O Sr. Alcalde toma a palabra: O carto punto da orde do día e a aprobación inicial da ordenanza de participación veciñal, simplemente dicir que para o Grupo de Goberno, os grupos que compoñen o goberno municipal a participación da veciñanza é fundamental para que o Concello se dinamice, a



vida pública se dinamice o feito é que hoxe está aquí unha gran cantidade de veciños e veciñas neste Pleno, ten a palabra o voceiro, voceira do Grupo de Goberno, Concelleiro de Participación cidadá.

O sr. Núñez toma a palabra (BNG): Ben, boas tardes, como di o señor Alcalde, efectivamente dende este novo Grupo de goberno do Concello de Barbadás e esta Concellería nova tamén de participación cidadá, porque é algo é unha vertente que ten esta Concellería porque evidentemente nos últimos vinteoito anos nunca houbo nada similar, nin parecido, entón quero dicir que se pretende hoxe tráese a aprobación inicial, unha ordenanza de participación veciñal, na que se pretende, pois efectivamente un símil abrir esas fiestras, abrir esa venta e esas cortinas cara fóra, que en definitiva entre aire puro de vez en cando, na xestión e nesta institución municipal pechada durante case trinta anos polos gobernos populares, e que entre efectivamente ese aire fresco na vida política, que se dinamice e que a xente poda realmente participar na vida política con isto preténdese reformular dende este Concello para facelo verdadeiramente democrático e a servizo do pobo que por iso foi creada esta Institución, como as demais institucións democráticas deste país, para servir a cidadanía non para outra cuestións. Dende esta concellería e coas ferramentas que está ordenanza porá enriba da mesa, paso a nomear algunhas:

- Oficina de información e Atención Cidadá,
- Consello Municipal de Participación Veciñal,
- Consellos Sectoriais
- Consellos e Asembleas Parroquiais,

Preténdese que os veciños e veciñas non se limiten só a votar cada catro anos, senón que participen na vida municipal, e garantírase que estas valoracións e achegas que se fagan en estes distintos organismos; se incorporen dunha vez á xestión municipal. Ben, na Comisión informativa da semana pasada amosouse por parte dos distintos grupos da oposición algunha reticencia ó respecto desta ordenanza, que tratarei hoxe de clarificar aquí. Ben, comentouse nalgún apartado en algún punto pois a falta de asociacionismo e concordamos que efectivamente se precisa máis tecido social, hai que ter en conta que hoxe hai neste Concello rexistrados un total dunhas 38 asociacións de distinto tipo veciñais, cultural, gastronómicas, isto é o listado que manexaban dende o Partido Popular, do que tiñan de 28 anos, un listado aquí de teléfonos, moitos deles caducados, moitos deles que non se saben de quen son, este era o listado que eles tiñan, efectivamente estas asociacións con maior e menor actividade e a intención deste equipo de goberno é que o medre de o asociacionismo en Barbadás tal e como se recolle no artigo 2 sexa un feito e para isto efectivamente tamén traemos esta ordenanza aquí,



para que a xente tamén se autorganice nas distintas asociacións. Non pretendemos exclusivamente e de feito vou a referir noutras ocasións que sexan soamente as asociacións as que participen nestes órganos que acabo de apuntar, senón que efectivamente vai a ver, e de feito na ordenanza se establece determinados cotas de 10, de 15 persoas dependendo do organismo en cuestión que se pretende pór e crear en definitiva que son escollidos entre a veciñanza e que non están baixo digamos o paraugas de ningún tipo de asociación, é dicir, que a veciñanza vai a participar tamén persé, non soamente o tecido social senón os veciños por libre, digamos os veciños sen estar baixo o paraugas de ningún tipo de asociacionismo. No artigo 13 tamén había algunha cuestión ó respecto que tamén se puxo encima da mesa na comisión, e onde se recolle que efectivamente que calquera veciño ou veciña, Asociación ou entidade terá dereito á presentar iniciativas que serán avaladas por máis do 5% do censo para ser discutidas despois, posteriormente no Pleno Municipal, teño que dicir aquí que parece que está porcentaxe non era acaída para todos, que foi unha partida que efectivamente para evitar podan vir ao pleno distintas iniciativas por un número moito máis reducido de persoas e que tampouco evidentemente sería lóxico e operativo, pretendemos que efectivamente pois cando sexan cuestións deste tipo pois estean apoiadas por un número determinado de sinaturas non. No artigo 19 e 20 tamén se trata sobre a consulta popular que tamén foi algo que tamén pois non sei que chocou nalgún momento, é dicir, que o Concello previo acordo do Pleno por maioría absoluta poderá someter á consulta popular os asuntos de competencia municipal de carácter local, que sexan especialmente relevantes para os intereses dos veciños e veciñas, nun máximo de dúas convocatorias anuais, o resultado da consulta someterase á consideración do Pleno no prazo de dous meses, despois de que se realice o referendun, é dicir, pois é unha proposta máis efectivamente que está recollida na lexislación na Lei de bases de réxime local e que pretendemos que a xente a parte de votar cando teñan dereito tamén participen activamente en determinadas cuestións que sexan de calado, e que realmente haxa que ter en conta, de acordo. Nos capítulos un e dous do título carto dos órganos de participación veciñal tamén se apuntou algunha cuestión, como a relativa aos consellos sectoriais de área ou ós consellos parroquiais que se efectivamente había algún tipo de se non se entendía moi ben, se mesturaba un consello sectoriais cun consello parroquiais, é dicir, non ten absolutamente nada que ver, un consello sectorial ten un ámbito estritamente municipal e abrangueran distintos sectores, haberá un para cultura, haberá un para educación, haberá un para medio ambiente haberá determinados consellos sectoriais dependendo das áreas e terán evidentemente un ámbito municipal, cando o consello parroquial como o seu nome indica pois irá máis relativo a temas un ámbito estritamente parroquial e



con temas de interese moito máis xeral, ¿e acordo?. Remato con algunha cuestión relativa tamén á participación que pretendemos dar con esta nova ordenanza, pois os mozos e as mozas deste Concello como non pode ser doutra maneira e algo que definitivamente pois tamén o BNG, neste caso o grupo de goberno o quere pór enriba da mesa que efectivamente pois no artigo 56 se di que a asemblea parroquial estará constituída polos veciños maiores de dezaseis anos, é dicir, ninguén, parece que alguén votou as mans á cabeza, e nós entendemos que efectivamente a mocidade, un mozo con dezaseis anos ten que ter criterio, estar perfectamente formado xa e pode ter criterios xa para valorar que tipo de melloras se deben por en marcha para mellorar a vida municipal, entón estendes que efectivamente lle vamos a dar tamén voz nas asembleas parroquiais á mocidade, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Serafín Núñez ten a palabra o voceiro de Grupo Mixto.

O sr. Padrón toma a palabra: Para ser breve, estamos de acordo con este regulamento, hai cousas nas que non coincidimos, pero parécenos precipitado o presentalo ó Pleno sen habelo consultado cos distintos voceiros dos partidos, unha folla de ruta para levar a cabo estas cuestións, porque nos parece un regulamento moi denso, que aplicado ó mellor a unha capital como Madrid ou Barcelona onde os compoñentes das corporacións non teñen contacto directo cos cidadáns todos do Concello, pois este regulamento é válido porque calquera persoa para acceder á administración local pois tense que valer pois duns requisitos que non calquera pode acceder ó Alcalde ou ós compoñentes da corporación, sen embargo Barbadás eu creo que hoxe é un Concello pequeno, que en cinco minutos calquera concelleiro de calquera área de goberno pode estar en cinco minutos fronte ó veciño, pode incluso falar con el por teléfono, calquera representante de calquera asociación de veciños chama ao Concello por calquera cuestión ou a calquera concelleiro de quenda pois por calquera problema que haxa no seu pobo, e nun momento en cinco minutos ou en dez, ou pola tarde está aí o concelleiro sen ao mellor facer uns trámites que é un regulamento, pero non é un regulamento práctico venos para aquí, entón para nós o primeiro sería pór en valor as asociacións que xa existen no Concello, as asociacións veciñais, deportivas, todo o asociacionismo que hai no Concello, poñelo en valor que os concelleiros estean día a día con esa xente, que esa xente chame ao Concello, chame ao concelleiro, teña os números dos concelleiros e traballar con eles cóbado con cóbado, co resto da cidadanía que non está asociada pois porque non lle interesa ou por comodidade pois que vexa que o Concello traballa coas asociacións e as pon en valor, entón esas mesmas asociacións animan ao ver esa canle que existe, comunicativo entre os concelleiros e as asociacións a outra xente animase entón é cando pódense crear



consellos parroquiais, consellos sectoriais o sexa todo iso, pero se empezamos a casa polo tellado corremos o risco de que isto quede aquí hoxe, e non se leve nunca á práctica entón eu creo que hai que empezar polos cimentos, os cimentos temos ás asociacións de veciños imos a poñelas en valor e logo isto virá todo por si solo, xa pasando a cuestións meramente concretas sobre o regulamento o do 5% para presentar unha iniciativa parécenos neste Concello que non é aplicable, debería ser unha porcentaxe menor, porque claro se os veciños son, o 5% aquí son 500 firmas, se os veciños de Loiro queren presentar unha iniciativa, que xa digo que seguramente con chamar ao concelleiro de quenda esa iniciativa vai a ser levada ao Pleno, pero se quixeran seguir este camiño, non o darían presentado xamais, terían que buscar á xente doutro lado entón hai que facelo operativo,

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón, brevidade por favor.

O sr. Padrón toma a palabra: O resultado da consulta popular, si facemos unha consulta popular e sale o resultado o pleno reunirse en dous meses pero terá que decidir o que decidiu a consulta, senón para que a fixemos, bueno son simplemente apuntes, pero xa digo a idea nosa é empezar dende abaixo, traballar dende abaixo e logo isto virá por si só.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón Padrón, ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Bueno, pois eu despois de estalo estudando de darlle unha volta concretamente hoxe ao mediodía, é unha postura difícil porque hai cousas que sí comparto co que está hai exposto, pero hai outras que non, non comparto; a miña forma de ver a política é moi diferente, os concelleiros temos que andar polo pobo, temos que andar por as beirarrúas temos que falar cos veciños, non podemos esperar a que veñan a nós, temos que ir nós a eles, entón si hai cousas que me parecen ben, pero penso que ten que ser todo o contrario, nós patear os pobos, falar con todos os veciños para ver realmente as súas necesidades, entón claro isto ten cousas boas pero para min, entón o tema é ese, que vexo que hai puntos que son bos pero penso que baixo meu criterio de democracia Ourensana os políticos témonos que acercar ás rúas, as calles, e casa por casa, para ver as necesidades, non tantas asociacións, a parte temos moitísimas mal xestionadas, váisenos moito diñeiro do Concello nelas, e me parece que, non é a vía que levaría adiante.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Serafina Varelas, ten a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: Nós dicir, que este regulamento supón un paso de xigante na relación entre a veciñanza e o Concello, destacaría aspectos como que o Concello fomentará o uso das



novas tecnoloxías e para facilitar as xestións coas administración local, son cuestións moi importantes, mellorar a transparencia da administración local incorporando a rede toda a información de carácter público que se xere, para que a cidadanía saiba todos e cada un dos pasos que vai dando o Goberno Municipal, Outro aspecto que brevemente destacaríase sería o de que todas as persoas físicas ou xurídicas teñen dereito a intervir nas sesións plenarias ordinarias do Pleno, algo que viñamos reclamando dende o grupo Socialista como dende o grupo Nacionalista dende hai anos e que non se tiña en conta a participación veciñal no propio Pleno que queda regradada a través deste regulamento e xa por último dicir que consideramos que é un paso importante tamén que as entidades e as asociacións como falaba antes Serafín poidan a partir de agora recibir información directa sobre os asuntos que se xeran do seu interese, algo que comentaba o compañeiro Riós, e que vai a ser posible, pór en valor o asociacionismo, evidentemente, e facer propostas sobre os asuntos que afecten o seus intereses, e os seus e as súas representantes no ámbito da competencia municipal, isto vaino poder facer as asociacións dunha maneira regradada, que hasta agora non se viña facendo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Victoria Morenza, ten a palabra o voceiro do grupo Municipal Popular.

O sr. Gómez toma a palabra: Boa tarde a todas e a todos, ben é certo que o funcionamento das entidades locais non se entendería sen a participación e implicación dos veciños e veciñas na vida pública social, xa sexa de forma individual ou a través de colectivos que os representan e en especial o asociacionismo. Dende o Partido Popular de Barbadás pensamos que o dereito da persoa a intervir no proceso de toma de decisións no ámbito local e a participación veciñal constitúen parte inseparable da sociedade democrática. Como ben saben o movemento veciñal e as asociacións nos seus diferentes ámbitos ocupan un lugar moi relevante e cun gran arranxo social no noso Concello, e que ben teñen defendido ata o de agora os intereses comúns, por iso, dende o noso grupo defendemos o asociacionismo como a mellor canle para cos nosos cidadáns poidan exercer os dereitos que a propia lexislación lles outorga e garantir así o acceso á información, participación, seguimento, control na xestión municipal. No regulamento que vostedes nos presentan hoxe, na súa maior parte veñen a recordarnos os seus dereitos que a propia lei lle recoñece aos veciños e as asociacións do noso Concello e a súa forma de rexistro, si estamos de acordo en que hai que por as vías para facilita a información e atención á xente por medio dunha área ou oficina que os atenda en primeira liña e que ademais de orientar os informe e lle recolla as súas suxestións. Parte importante para conseguir este fin, é o fomento das novas tecnoloxías, como son a páxina web do Concello e a app xa existentes, así



como a dotación da rede wifi en todos os locais sociais dos pobos para chegar estes medios ao rural. Cómpre sinalar que con respecto á aplicación para móbiles sería conveniente implantar un módulo de incidencias para a participación cidadá aplicación, así como un sistema de SOS de módulo rescate. Propomos ademais a creación unha comisión de seguimento, control de queixas, reclamacións, e suxestións áxil e que de resposta inmediata á cidadanía. No tocante aos órganos de participación veciñal que propoñen, entendemos por unha banda que van a existir duplicidades de membros entre as asociacións de veciños, consellos sectoriais e consellos parroquiais, ademais os veciños con interese en participar e implicarse na vida social, cultural e pública xa forman parte dalgún movemento asociativo, e que sobre todo no medio rural o seu perfil coincide con xente moza. Por a outra banda, opinamos que estes órganos son excesivos en por si, así como o propio número de membros que os conforman, ó noso entender pensamos que para entidades locais máis amplas como ben sinalaba o compañeiro de Grupo Mixto, isto restaríalle operatividade internamente así como na relación entre eles, pondo en dúbida a súa perdurabilidade no tempo, e podendo mudar en meros órganos simbólicos sen funcionalidade práctica, quedando sen acadar en última instancia os obxectivos que esta proposta de regulamento pretende, para acadar os fins que vostedes perseguen, coa creación destes órganos si creemos necesario darlle un pulo a todas as asociacións existentes e fomentar a creación de outras novas que engloben as diferentes inquietudes da poboación, nos seus diferentes ámbitos facilitándolles as vías para conseguilo e estimulando o seu funcionamento, nada máis, moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ¿algunha quenda de palabra? señor Serafín Núñez.

O sr. Núñez toma a palabra: Imos a ver, a ordenanza que hoxe se trae aquí para a aprobación inicial é efectivamente unha aprobación inicial, que evidentemente despois terá un prazo para presentar alegacións, e poder melloralala no xeito que entre todos creamos conveniente, xa se falou na comisión e se está hoxe debatendo aquí. A sensación un pouco que transmiten os membros dos grupos da oposición é que teñen un certo medo á democracia, un certo medo á participación da xente, seguen querendo pechas as fiestras e as ventanas e nós entendemos que efectivamente desde esta ordenanza é a columna vertebral da democracia neste Concello é o que debера asentar as bases, para que efectivamente se efectivizara a democracia neste Concello, a participación veciñal é un concepto de exercicio de dereitos, non é soamente que un Concelleiro poda chegar onda un veciño e informar dunha cousa, ou un veciño poda chegar a un concelleiro, iso evidentemente ese canle ten que manterse, pero ten que haber outros mecanismos que permitan que xente que o mellor non vai ter esa posibilidade poda participar no seu ámbito parroquial, no seu ámbito máis corto e facer propostas que



poidan despois materializarse e chegar a bo porto. Se falou, en fin da páxina web, efectivamente, mire estamos a punto, se non está colgado xa, hoxe non o vin, pois os Concelleiros do equipo de Goberno de asentar na páxina web, pois todas as propiedades, todo o diñeiro co que partimos no inicio lexislatura, para que efectivamente se visualiza de que non hai trampa nin cartón, é dicir, é o mesmo que fixeron o dirixente do Partido Popular dende hai vinteoito anos, que empezou ala con un Ford Escort dun tío e despois acabaron arramplando maletas, pisos, e baixos non se sabe onde, é dicir, a páxina web ten que converterse tamén nun canle de comunicación para a veciñanza da situación do distintos servizos municipais e deberá posibilitar tamén unha concreción dunha sinatura electrónica que axilice moitos trámites. Non teño máis que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Serafín, ¿algunha intervención máis?

O sr. Padrón toma a palabra: Simplemente repito, que o documento está ben, pero deberíamos, está presentado con moita prema, isto deberíámolo estudar entre os diferentes grupos, e expor xa propostas en concreto como o da páxina web, cando fala de medios de comunicación o da radio municipal que nós expuxemos, o sexa ir xa a cousas concretas para que sexan operativas e xa empecen a funcionar, entón volvo a repetir que debemos empezar a casa por os cimentos e así faremos unha boa casa, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Un pequeno inciso, nada máis, sinalar que isto se trata dunha aprobación inicial, que despois someterase a consideración e nunha aprobación final, nunha aprobación definitiva despois de estar exposta ao público durante trinta días nas que os grupos políticos e as persoas cidadáns deste Concello, poden facer as súas correspondentes alegacións, ¿algún grupo municipal quere tomar a palabra novamente?

A sr. Varelas toma a palabra: A min non me parece moi lóxico aprobar unha cousa ca que non estou totalmente de acordo, e despois xa intentala modificar prefiro ter o tempo necesario para estudalo antes da andar facendo e desfacendo, é a miña opinión.

O sr. Alcalde toma a palabra: Imos a ver, aquí hai unha consideración que facer, isto funciona así, está legalmente establecido que se fai primeiro unha aprobación inicial, a legalidade é esa, simplemente dicir iso, que está en aprobación inicial, a Lei marca estes pasos, posteriormente a aprobación inicial está un período de alegacións de 30 días, e posteriormente a aprobación definitiva. Algunha quenda de palabra máis. Señor Manuel.



O sr. Gómez toma a palabra: Señor Núñez, medo aos sistema democráticos ningún, utilizando un pouco os temas metafóricos que vostede empregaba, nós somos máis de que os veciños entren pola porta e non polas fiestras, entras polas fiestras os espíritos. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: ¿Algunha quenda de palabra máis?, sométese a votación, ¿votos a favor?, ¿abstencións? ¿votos en contra?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PSOE e do BNG e abstencións de Democracia Ourensana, Grupo Mixto e Partido Popular: a **“Aprobación inicial da Ordenanza de Participación veciñal”**.

5.-DEROGACIÓN DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Quinto punto da orde do día é a derogación da taxa pola expedición de documentos administrativos. O obxectivo de este Grupo de Goberno, é reducir as taxas ós veciños e veciñas do noso Concello, vai a explicar a aplicación ou derogación desta taxa polo expediente de documentos administrativos o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: É un obxectivo deste Goberno Municipal achegar á Administración Local a todos os veciños e veciñas e facilitar a tramitación administrativa e o entendemento cos mesmos. Neste Concello fai dúas legislaturas establecéronse unhas taxas polas expedición de documentos administrativos que obrigaba a moitos dos nosos veciños a pagar cando viñan a este Concello a solicitar algún tipo de documentación administrativa, de modificación de instancias, de follas de empadramento, certificacións, certificados de convivencia...etc. Este grupo de Goberno entende que ademais de que as partidas orzamentarias, incrementadas derivadas destas taxas son absolutamente insignificantes, foron para o ano pasado 451 euros polo tanto que consideramos que é absolutamente insignificante, consideramos importante que toda esta tramitación administrativa se faga desde estas dependencias municipais de forma absolutamente gratuíta, en todo este tipo de documentación requirida por parte da veciñanza. Chegaba o extremo esta ordenanza municipal de recoller puntos absolutamente absurdos, como era de ter que pagar tres euros por un certificado relativo a unha exención de impostos municipais, poñamos por caso unha familia, que derivada dos servizos sociais necesitase ser exenta do pago dalgún imposto municipal por algún problema económico, cando viña aquí a pedir unha certificación tiña que pagar tres euros, o que era



absolutamente inxustificado e absurdo, pois ben a partir desta derogación definitiva da taxa pola expedición de documentos administrativos, queremos como digo facer, que toda esta tramitación administrativa se faga de forma gratuíta a todos os veciños e veciñas de Barbadás.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto.

O sr. Padrón toma a palabra: Como non podía ser menos, estamos de acordo, foi unha cousa que expuxemos nós na campaña electoral, simplemente facer un engadido que a parte disto, que se regule dalgunha maneira, non sei como legalmente pode ser, para que no caso de que no Concello non estea por un momento o Tenente Alcalde, o Alcalde non está, pois que alguén poida firmar un documento para que unha persoa non poida marcharse sen poder levar ese documento, entón pedirlle ao Grupo de Goberno que articule non sei si por lei hai algún sistema que poida firmar algún persoal do Concello ou algo para que iso se axilice e unha persoa que veña a buscar un documento pois se marche con el no momento, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sr. Varelas toma a palabra: Estamos de acordo con esta medida

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira do BNG.

A sr. Ánxela toma a palabra: Ben, dende o BNG non solo o poñiamos na campaña electoral evidentemente, levamos oito anos na oposición municipal e loitamos ferventemente tanto no Pleno como fóra do Pleno, para que isto fose así, hoxe por fin faise realidade, algo que era totalmente absurdo e que o Partido Popular votou a favor por unanimidade, de feito aprobouse porque houbo unha maioría absoluta previa para aprobalo, hoxe o goberno do Partido Socialista e o BNG deciden retiralo por xustiza.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira do Grupo Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: Nós na mesma liña, lembramos que sempre estivemos en contra da aplicación destas taxas, parecíanos un verdadeiro abuso, que se cobraran tres euros pola certificación de documentos que tiveran que producir efectos nestas propias oficinas municipais, parecíanos un abuso que cada expediente de declaración de ruínas custara 20 euros, que cada contrato administrativo que se subscribira custara 15 euros un verdadeiro abuso ao que hoxe se pon fin.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira ou voceiro do Grupo Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: O Grupo Popular como xa dixo na Comisión Informativa vai a votar a favor, estamos pola labor de baixar os impostos, as taxas ós veciños, nós xa o fixemos na antiga lexislatura co recibo do IBI e estamos de acordo con esta proposta.



O sr. Alcalde toma a palabra: ¿ Algunha quenda de palabra máis? Entón sométese a votación, ¿ votos a favor?, unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade a **“Derrogación da taxa pola expedición de documentos administrativos”**.

6.- RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

O sr. Alcalde toma a palabra: Sinalar que aquí que no documento que se presenta hai un erro, hai varios erros, non coincide o importe que está en cifras co importe que está en, está corrixido. Facer referencia unicamente aos importes, o Tenente Alcalde Xosé Manoel Firvida Plaza 2.322,75 euros brutos, señor Serafín Núñez Pérez 1.450 euros brutos, D^a. Victoria Morenza Doforno 1.450 euros brutos, Adrián Varela Vázquez 1.450 euros brutos, e D. José Rafael Sierra Carril 1.450 euros brutos. A asistencia a Plenos, igual que Xunta de Goberno, Comisións Informativas e Xunta de Portavoces o Presidente 150 euros, e Concelleiros 100 euros, e as asignacións aos grupos políticos 250 euros ó mes máis 20 euros por cada concelleiro. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Partindo de que o tema das retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación poden levar a certo debate, nós entendemos que tamén supón unha forma de dignificar a vida política. As persoas que se queren dedicar a vida política a facer un servizo público ós seus cidadáns, necesitan ser retribuídos xustamente. En base a isto, o novo grupo de Goberno entendeu tamén que dadas as dificultades económicas que están pasando moitas veciñas e veciños do noso Concello dada a situación económica actual de crise, nós tiñamos que dar exemplo e tiñamos que mostrar tamén á cidadanía de Barbadás que somos capaces de cumprir as promesas electorais e tamén de cumprir cos pactos de goberno ós que chegamos Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego. E hoxe estamos cumprindo tanto coa veciñanza como cos pactos de goberno acadados. En concreto vou a detallar en que consisten estas retribucións do novo Grupo de Goberno. O novo Tenente Alcalde vai a ter unha percepción bruta mensual de 2.322,75 euros o que vai supor un gasto anual final de 34.558 euros que se o comparamos co anterior Tenente Alcalde do Grupo do Partido Popular na anterior legislatura que era de 53. 556 euros supón unha redución de 18.998 euros, case 19.000 euros menos de custe para este Concello o novo Tenente de Alcalde. Por outra banda vamos a propor a esta Corporación a aprobación de catro salarios, de catro retribucións para catro Concelleiros e Concelleiras con dedicación total por un importe bruto de 1.450 euros mensuais que se comparamos



tamén co anterior grupo de goberno do Partido Popular no que había catro Concelleiros e Concelleiras, con dedicación parciais, quero facer fincapé nisto, tiñan dedicacións parciais, o custe total do novo Grupo de Goberno supón 107.184 euros e do anterior grupo de goberno supoña 95.000 euros, é dicir 11.955 euros máis estas catro persoas no seu conxunto ó final do ano en relación cos catro concelleiros-concelleiras do Partido Popular que tiñan unha dedicación parcial, media xornada laboral, agora a dedicación deste catro novos concelleiros e concelleiras vaia a ser unha dedicación total, polo tanto dobre esforzo, dobre traballo, dobre tempo de adicación a este Concello, para pasar de 95.000 a 107.000 euros de custe, se comparamos o total do custe do grupo de Goberno actual co anterior vemos que teriamos un aforro de 7.042,91 euros. Se ben é certo, quero facer fincapé tamén en isto, que dende o ano 2010 a raíz dos recortes establecidos nos funcionarios públicos de toda España polo goberno de Zapatero, o grupo de Goberno do Partido Popular decidiu aplicarse unha redución, unha redución que por certo non figuraba no bruto das súas nóminas, por iso fago referencia única e exclusivamente ao bruto que figuraba nas nóminas dos concelleiros e concelleiras do Partido Popular, quero deixar isto ben claro, agora ben, fagamos as contas, aplicando este redución que se facían as concelleiras finalmente para cobras as súas retribucións, sería un aforro, polo tanto en lugar de 7.042 euros pasaría a ser de 4.000 euros, os orzamentos do Concello de Barbadás, no capítulo destinado a retribucións dos Grupos de Goberno, contempla unha cantidade de 107.000 euros para retribucións dos concelleiros, máis 37.000 euros para gasto de Seguridade Social, o que suman 144.000 euros, comparados cos 141.742 euros hai un aforro de 3.000 euros. A estes 3.000 euros de aforro directo hai que engadir 18.000 euros máis que se van a aforrar das arcas municipais, polo feito de que un concelleiro, o Concelleiro de Deportes Adrián vaia a asumir dentro das súas competencias a xestión da Coordinación das Escolas Deportivas deste Concello, isto nos vaia permitir dunha das moitas asistencias técnicas que tiña neste Goberno, neste Concello o Partido Popular, dunha de moitas, porque cada días estamos a decatarnos dunha nova. E que vez que nos decatamos dunha nova, estamos intentando prescindir delas, hai asistencias técnicas por todos os servizos deste Concello, hainas en Xuventude, hainas nos Servizos Sociais, habías tamén en Cultura, tamén na Gardería, incluso no Pavillón de Deportes, polo tanto alén de todas estas asistencias técnicas que nos vamos a aforrar nun futuro e que hoxe non vou facer referencia a elas, si quero facer referencia directa a estes 18.000 euros que nos aforramos porque prescindimos dunha semiprivatización dun servizo público que se prestaba no noso Concello no servizo de Deportes, posto que tiñamos as Escolas Deportivas privatizadas baixo a xestión dunha asistencia técnica que nos custaba 18.000 euros a todos os veciños



e veciñas traballo que hoxe asume Adrián Varela Concelleiro de Deportes deste novo Goberno. Polo tanto sumados aos 3.000 euros de aforro do grupo de Goberno das súas nóminas suman 21.000 euros, 21.000 euros supoñen un 14,58 % de aforro nas arcas municipais anuais en comparación co anterior grupo de goberno, 14,58% que si facemos unha extrapolación ó tempo dedicado a este Concello pasamos de dedicarlles no pasado 120 horas semanais por parte do Grupo de Goberno do Partido Popular a 200 horas polo novo Grupo de Goberno, o que supón un incremento do 67% na carga de traballo do novo Goberno. Pois a pesar de incrementar a carga de traballo nun 67 % imos a reducir os custes para o Concello de Barbadás nun 14,58 %. Dito todo isto tamén quero manifestar outra cousa, aquí non vai a estar o aforro deste Goberno, isto é chocolate del loro, aquí non vai a estar o aforro deste Goberno, o aforro deste goberno vai a estar nas asistencia técnicas que vamos a prescindir delas, vai a estar en todos os contratos directos que facía o grupo de goberno do Partido Popular durante todos estes anos, vai a estar no control do gasto que non existía ata agora, con facturas que se decatában en esta casa cando chegaban, cando non se daba notificación do gasto, cando non había partidas orzamentarias suficientes para recorrer ao mesmo, agora vaise a prescindir, e vaia a haber un control directo de todo o gasto realizado, e vai a estar tamén na xestión de persoal e vai a estar tamén na contratación coas empresas privadas dos servizos que se requiren porque é tamén compromiso deste novo Goberno facer todas as contratacións, e así o estamos facendo xa, con publicidade tanto nos medios de comunicación como na páxina web do Concello, con procesos de contratación con publicidade, onde todas as empresas poidan participar en igualdade de condicións e libre concorrência competitiva para poder acceder a un contrato neste Concello e que tamén desta maneira todos os veciños e veciñas nos beneficiemos reducindo os custes de todos estes servizos, aí é onde vai a estar realmente o aforro deste novo Goberno, no noso traballo no noso compromiso, e na nosa dedicación.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ábrese a quenda de palabra. Ten a palabra o voceiro do Mixto.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, dende o Grupo Mixto asumimos o compromiso de que se reducise nun 15% en campaña electoral o custe das retribucións do Concello, unha vez pasadas as eleccións, tivemos a posibilidade de incidir neste compromiso, entón fixémoslle ver ao Goberno que tiña que asumir este compromiso, nun primeiro momento segundo as contas que había dadas naquel primeiro Pleno, non se cumpriu aquel compromiso polo que aquel día decidimos votar en contra, perdón non se votou, estaba na orde do día e non se chegou a levar á orde do día, ben o Grupo de Goberno presentounos unhas contas para este Pleno e como fixo agora a exposición o señor Tenente



Alcalde, nós esas contas viñémolas a corroborar ao Concello por medio de intervención, as contas do Partido Popular do anterior goberno que houbo durante os catro anos anteriores, con relación ás contas que agora vota o novo Goberno hai unha diferenza de 3.000 euros de aforro no novo Goberno con catro dedicacións completas, e aparte un dos concelleiros vai a asumir un traballo que lle estabamos pagando o Concello a outra persoa polo tanto cúmprese como dixó ben, porque son números exactos, que nós repito, corroboramos no Concello, nós sen haber corroborado estes números no Concello non afirmariamos isto, entón é un 14%, en principio cúmprese o que nós nos comprometemos en campaña electoral, e nos comprometemos no documento que firmamos. De todas maneiras o noso apoio ou non, está condicionado a que as contas que presenta de seguridade social o novo Goberno, se verifique na primeira nómina que se entregue, supoño que dentro dun mes, entón as contas do anterior Goberno están claras porque están presupostadas, as contas do novo Goberno, suponse que serán polo menos os soldos brutos, como van a ser aprobados aquí, son eses, queda pendente a seguridade social que se verificará dentro dun mes, se se verifica esa seguridade social estas contas serán certas e estarán en intervención, entón a contía que se reduce efectivamente sería un 14,5% , non chegaría a un 15% pero estaríamos falando dun aforro entorno ó 15%.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Pois Democracia Ourensana aquí neste punto vámonos abster completamente de opinar nada, porque penso que xa son demasiados Plenos tratando este tema e penso que xa é o momento de empezar a gobernar e deixar de mirar tanto o diñeiro, porque parece que o único que prima é o que vai a ganar o concelleiro ou non concelleiro, eu xa dixen unha vez que me da igual ganar vinte euros, que cen euros, que dez euros, entón voume abster deste, agora o que si lle pido ao Goberno é que por favor non aforredes en sitios porque estamos incomodísimos, fai tres semanas ou un mes que dixen que facíanos falta un sitio e estamos aquí apretadiños, paréceme que o aforro hai que facelo noutro sitio, e non puteándonos. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Unha cuestión en relación ao comentario que fixo a señora Varelas, o orzamento deste Concello, está como está fixo mención o señor Tenente de Alcalde a el, a como se traballou estes cinco meses pasados previos ás eleccións e a como quedaron as arcas deste Concello en relación ó orzamento do 2015, intervención pode afirmar que agora mesmo temos problemas para facer esta obra.

A sra. Varelas toma a palabra: Pois entón faremos unha cousa, pois que algún membro do Goberno que se veña para aquí e que estea apretadiño coma nós.



O sr. Alcalde toma a palabra: Isto non da lugar a debate. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Grupo Nacionalista, do BNG.

A sra. González toma a palabra: Ben, eu despois de escoitar a Fírvida sinceramente teño pouco máis que dicir. Trátase de dúas cousas fundamentais, un traballo e dous adicación, o que está moi claro é que a partir do cambio de goberno, as adicacións exclusivas son exclusivas, é dicir, a xente está traballando os que están gobernando, os que estamos gobernando estamos gobernando dende a mañá ata a noite, anteriormente “traballábase” media xornada. En canto que as contas do Partido Popular están claras eu sinceramente tamén o digo moi claramente que teño a firmeza de que non están nada claras. Entón eu creo que o que vamos a votar hoxe a favor dende o BNG, vamos a votar por un lado que a este Goberno se lle facilite o poder traballar, tal e como dixo Fírvida o traballar necesita un salario, o salario non é un exceso dado os salarios que había anteriormente está adecuado perfectamente ó que é Barbadás, se lle facilite a posibilidade de traballar, e se lle facilite a posibilidade de demostrar co tempo o que significa traballar no Concello de Barbadás, porque eu sei que a xente está moi acostumada a un traballo despois de 28 anos, a un traballo como se fixo ata agora, e podíamos seguir por inercia, e por inercia seguir facendo o mesmo ca eles pero nos negamos, iso leva un tempo, iso leva unha adicación que lle estamos prestando agora mesmo e leva a cambiar cousas que moi posiblemente nun principio resulten raras pero que si son a columna vertebral para poder empezar a traballar con seriedade neste Concello. Repito as contas do Partido Popular non están claras.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: Con estas retribucións que levamos hoxe, as tan traídas e levadas retribucións vaise cambiar un xeito de traballar, un xeito de funcionar no Concello, un xeito de achegarse á cidadanía, vaise frear como ben explicaba Fírvida á perfección as cifras, aí non teño máis que engadir, incidir en que se vai frear a externalización de servizos, vamos analizar caso por caso, traballador por traballador, a esas persoas todas que contratou o Partido Popular con métodos supostamente obscurantistas, por dicilo dun xeito suave, vamos a traballar a prol da transparencia, vamos a traballar con plena dedicación e a rendibilidade real, a que esperan todos vostedes vaise medir no traballo que imos facer día a día e no tempo que lle estamos dedicando e que lle dedicaremos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira ou voceiro do Grupo Popular.



O sr. González toma a palabra(PP): Boas tardes. O pasado día 24 de maio os veciños e veciñas de Barbadás, enviáronnos unha clara mensaxe de cambio a todos os partido políticos dende o Grupo do Partido Popular tomamos boa nota diso somos conscientes de que políticos e institucións, atendendo ó sentido común e ó sentir veciñal temos que ser os primeiros en asumir sacrificios que redunden nun beneficio para a sociedade. Consideramos que a liña de traballo, adicacións e soldos que estaban presupostados eran os axeitados para seguir traballando e para cubrir as necesidades da veciñanza, nós iamos manter unha dedicacións exclusiva e catro parciais coas que se cubrían as necesidades de cada unha das áreas do Concello e que repercutían minimamente no orzamento do mesmo. Aínda que tiveran adicacións parciais os nosos Concelleiros estaban as vinte e catro horas do día ó servizo do cidadán, non tiveron nunca horario de despacho, cobraban unha adicación parcial que non lles impedía estar accesible durante toda a xornada, xa que por exemplo se estás nunha cafetería e chega un veciño pedindo unha mellora para un parque ou un arranxo dunha beirarrúa levantada, un concelleiro non pode responder perdón non estou traballando non é o meu horario de concelleiro, ese non é o estilo. Por iso entendemos que con adicacións parciais cóbrense perfectamente ás necesidades dos veciños do Concello, máis a sorpresa ven cando na proposta que fai o Grupo de Goberno vemos primeiro, que as dedicacións onde dona Nieves Gómez Carril cobraba 1.203,50€, don Adrián Varela vai cobrar 1450 € cal é o motivo, máis capacidade de don Adrián, pago dunha produtividade que aínda está por demostrar, xa demostrou don Adrián que é capaz de facer o traballo de Concelleiro de deportes e máis o que facía Modesto, recentemente despedido por certo, pode que si, pero aínda estar por ver. De 1.450 a 1.203 son un incremento de 246€ que facendo unha simple regra de tres para todos os veciños e veciñas da un 20,48% de incremento para o Goberno, ¿ula a ética?. Segundo, no tocante ás retribucións da oposición a sorpresa é maior, pois na etapa anterior o señor Fírvida do BNG aquí presente que estaba na oposición, cobraba 142,50 € por asistencia a Plenos máis 95€ polas reunións previas, fan un total para o que non teña calculadora de 237,5€, agora o señor Padrón por exemplo vai cobrar 100€ por todo, desaparecen ás reunións previas porque ó parecer os Plenos prepáranse sós, e non hai que traelos preparados nin adicarlle tempo ningún, facemos as contas e nos sae unha diminución de 137€ menos que supón 57,89 % , feito con calculadora, de rebaixa para a oposición, non está mal, o Goberno gasta máis, e aforra na oposición, ¿ula a honestidade que prometían?, esta é a nova forma de gobernar, isto é o que de verdade queren os veciños, de verdade querían este cambio, que don Ramón pasase a cobrar cen euros por fiscalizar ó Goberno, está ben pagado. Os veciños que votaron querían que aumentasen as retribucións do Goberno Municipal, ¿ula a transparencia?. En



terceiro lugar en canto ó resto de argumentos, que se a Seguridade Social, o señor Fírvida, por facer un inciso, fala dos 7.000€ que se lle aforran porque se lle cargarían a Muface na Seguridade Social non no soldo, fala de 18.000€ que era un empregado, Modesto era un empregado, cando falan á cidadanía de que había contratacións, sona como se fora unha película, como que se estaban facendo chapuzas, non é así, a lei nacional, a lei estatal impedía contratar a xente porque a situación é a que temos de crise, entón moita xente houbo que contratara como no caso do señor Modesto, con un contrato por autónomo, bastante desgraza tiña. Volvendo ó caso e como as contas non cadran, en canto ó resto de argumentos a Seguridade Social, se despedimos a un traballador para cadrar as contas, etc, etc, son argumentos de mal pagador, é como se visten a un dos seus Concelleiros para facer de policía e para despedir a un municipal e aforrar, tamén é aforro, pero así non funcionan as cousas. Son partidas distintas, a ver se se decatan dunha vez, isto non é un problema económico, o Concello é dos máis saneados da provincia, deixáronlle case un millón de euros nas arcas, isto é un problema de ética diante da cidadanía que nos deu o voto, e por certo, as contas estaban ben claras, nós entendémolas ben, outra cousa é que vostedes non as entendan, nós iamos a gobernar con elas e íámolo facer bastante ben. Por certo, preguntarlle ós cidadáns se lle gusta que despedisen a Modesto con unha traxectoria impecable no deportivo con medallas e premios recentes na memoria da veciñanza, pensábamos que facía ben o seu traballo, pregúntelle á xente se prefiren despedir a un traballador para poderse subir as retribucións dos Concelleiros, témome que van a estar dando explicacións de aquí a catro anos á cidadanía, e non quero nin pensar o que pasará se don Adrián non é capaz de suplir a don Modesto, en fin. Disimular con escusas, e números, e contas todo o mundo sabe como se chama, defínano vostedes. Por último e por se esqueceu o Grupo de Goberno Municipal vamos facer memoria, lembramos as palabras do señor Fírvida no Pleno do 5 quería que constara en acta textual, se pode ser, as palabras do señor Fírvida do 5 de setembro de 2011, punto cuarto, liña segunda di así: “o señor Fírvida (BNG) sinala que o seu grupo en xuño pediu que as adicacións se axustaran a criterios obxectivos, e non se tratase de pagos de favores por ir nunha lista electoral”, continúa un pouco máis adiante aínda que no mesmo parágrafo: “esta é unha forma de contratación de persoal pola porta de atrás sen oposición, por ir nunha lista electoral do seu partido”, palabras textuais, ¿lémbrense vostedes?. En canto ó señor Alcalde tamén llo vamos a lembrar, dicía no mesmo Pleno pero no seguinte parágrafo, e leo textualmente outra vez, que conste en acta: “O señor Valcárcel PSdeG-PSOE sinala que o señor Freire da un mal exemplo ós cidadáns incrementando as adicacións, baseou a súa campaña no aforro e manifestou que a alternativa ó PP era un cargo e ineficaz bipartito, e entende que



caros son os Concelleiros coas adicacións propostas”, iso era o que dicía o señor Valcárcel, tomen nota. Por todo isto entendemos que tanto o BNG como PSOE van a estar de acordo co Partido Popular e van retirar esta proposta absurda e abusiva, ¿non si?, pois se teñen dúbidas lémbrolles tamén que o PSOE no punto 17 do seu programa electoral deste ano 2015 di textualmente: “redución dos salarios dos concelleiros e concelleiras”, punto 17 do programa recente, pódolles pasar fotocopia da acta e dos seus respectivos programas, se precisan que lle refresquemos a memoria, non temos problema en colaborar. Esperamos pois que reflexionen e retiren o punto, de non ser así lémbrolle ó señor Padrón Calviño que no programa electoral de compromiso por Barbadás no seu cuarto parágrafo di: “pretendemos un goberno transparente, honesto e que todos os veciños e veciñas se sintan partícipes e comprendidos”, a pelota está no tellado de todos vostedes ben queridos amigos, está todo dito, non temos máis que falar, soamente lle temos que contar á cidadanía o que pase aquí e agora. Moitas grazas pola súa atención.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: É absolutamente kafkiano ter que recibir leccións de moralidade e de ética de alguén do Partido Popular intentándonos dar clases de como se debe comportar este novo Goberno que leva un mes traballando a tempo completo sen aínda ter ningunha adicación despois do que vostedes leva feito os últimos 28 anos, é absolutamente kafkiano, a situación que nos deixaron neste Concello con todo o orzamento absolutamente esgotado onde non queda máis diñeiro máis que para levantar a persiana todos os días, e que nos veña vostede a dar leccións a nós sobre como se debe gastar o diñeiro público. Mire vostede, falouse aquí da Seguridade Social do Tenente Alcalde, eu síntoo, síntoo por vostedes pero infórmense, lean as leis, estuden, infórmense e despois veñan a este Pleno a debater con nós, porque se vostedes souberan que a Muface a cotización é moito menor ca da Seguridade Social non estarían debatendo agora sobre cantidades que vai supoñer para este Concello o custe da Seguridade Social deste Tenente de Alcalde, e se vostede fixera o mesmo traballo que fixemos nós que antes de vir aquí con estas cantidades chamamos a Muface para saber cal é a cota patronal pola que se cotiza por parte dun traballador neste réxime especial se vostede chamara alí para sabelo non viría aquí a meter a pata como acaba de facer. Vostede fala dunha clara mensaxe de cambio nas eleccións municipais, mire o que manifestaron os veciños é unha clara mensaxe de cambio para o Partido Popular, que os puxo desa veira ou non se decataron, é que vostedes non se decataron que os veciños o que acaban de dicir o día 24 de maio é que vostedes teñen que pasar para a oposición e quen ten que facerse coas rendas deste Concello son outros grupos políticos en base á nosa honestidade, o



noso traballo, e a nosa capacidade de actuación, aínda non se decataron vostedes onde os colocaron os veciños deste Concello, entón como aínda non asumiron a derrota electoral, nos veñen a dicir agora o que nós debemos ou non debemos facer, claro, dándonos leccións despois de todo o demostrado estes últimos 28 anos, ¿verdade?. Fala de catro adicacións parciais pero mire, sabe o que facía o grupo do Partido Popular, tiñan catro adicacións parciais, é certo, porque non necesitaban máis tempo para traballar para este Concello, porque todo o traballo o derivaban en asistencias técnicas, en contratacións a empresas privadas, para facer o traballo que tiñan que facer Concelleiras e Concelleiros do Partido Popular, xustamente o contrario do que estamos facendo nós, nós estamos prescindindo desas asistencias técnicas, e o traballo que deixan de prestar esas empresas privadas estámolo facendo nós, non queda sen facer, estámolo facendo nós, sen embargo vostedes ó que chegaban eran aquí, collían e dicían, mañá entra unha asistencia técnica en servizos sociais, onde estaba o Concelleiro de servizos sociais, cunha chave na man abrindo o local social de Piñor, ese era o Concelleiro de servizos sociais de Barbadás, ese era o traballo do Concelleiro de servizos sociais de Barbadás, levar unha chave no peto do pantalón para abrir o local social de Piñor, pois o novo Concelleiro de Servizos Sociais de Barbadás está aparte de traer hoxe xa mostra do seu traballo, porque tamén é de participación veciñal, está asumindo o traballo que realizaba unha asistencia técnica da que podemos prescindir, porque nos supuña un custe de varios miles de euros para este Concello, e que vostedes non facían que o privatizaban, así é moi fácil ser concelleiro, é moi fácil chegar aquí e dar facturas a todas as empresas para que fagan o traballo que tiñan que facer vostedes. Mire voulle dicir outra cousa, di vostede que vostedes traballaban 24 horas e que non traballaban nos despachos, nas cafeterías, nas cafeterías vaise tomar café, nós traballamos todo o día, nos despachos, na rúa e onde faga falta, pero oia tanto que se enche a boca explíqueme vostede onde traballaba a señora Consuelo Vispo esa adicación das 24 horas, cando polas mañás de luns a venres traballaba nunha entidade bancaria e os xoves polas tardes tamén, é dicir, a señora Consuelo Vispo gañaba 1.200 epico euros brutos ó mes por catro tardes á semana que adicaba a este Concello, porque o xoves pola tarde estaba no seu banco, e todas as mañás hasta as tres da tarde estaba no seu banco, nós non, nós estamos aquí todo o día, toda a mañá e á tarde onde fai falla estar, e lle adicamos a este Concello todo o tempo. Voulle dicir outra cousa, coma nós non temos nada que esconder, porque vamos colgar tamén por primeira vez na historia de Barbadás, vamos colgar na páxina web do Concello a nosa declaración de bens, a nosa declaración de intereses, o noso patrimonio, e a nosa declaración da renda, como vamos colgar todo iso na rede, non teño ningún pudor en dicir o que vou dicir a continuación: señor



Tenente Alcalde anterior do Partido Popular, gañaba 1.927 € netos, novo Tenente de Alcalde gaña 1.754€ netos, 173€ menos que gañaba o anterior do Partido Popular. Señores Concelleiros e Concelleiras do Partido Popular, pois a diferenca cos novos Concelleiros que van pasar a gañar 1.182€ netos era con respecto a unha Concelleira van a gañar 136€ máis, o novo Concelleiro-Concelleira deste grupo de Goberno vai gañar 136€ máis que a Concelleira de obras do Partido Popular, vai gañar 136€ máis cada mes, ¿verdade?, que gasto inasumible para este Concello que nolo digan vostedes, cando vai ter unha adicación total, as adicacións parciais dio a Lei permiten adicacións a outras actividades, por iso se chaman adicacións parciais, como pasaba coa señora Consuelo Vispo, nós non, nós temos adicación total a este Concello, nos vamos a adicar todas as horas do día, todos os días do ano ó Concello de Barbadás, e por facer ese traballo por adicarlle o dobre do tempo que lle adicaba o Partido Popular vai gañar unha persoa 136€ máis cada mes, este é o escándalo que vostede quere nos facer tragar con el, ¿verdade que si?, 136€ máis cando cambiamos dunha adicación parcial a unha adicación total, e a outras Concelleiras é certo tiñan menos salario e con referencia ós novos Concelleiros estes gañan 205€ máis, por exemplo, unha nova Concelleira do Grupo de Goberno vai gañar 205€ máis que a señora Consuelo Vispo que ademais de gañar o que gañaba neste Concello tiña o seu salario nun banco, e gañaba dous salarios, tiña o salario do banco e tiña o salario do Concello e agora nós non, nós temos o salario do Concello, adicámoslle o dobre de traballo e gañamos 205€ máis, un escándalo, ¿verdade que si?. Se facemos unha proporción do tempo traballado actual en relación co pasado, o aforro non sería do 14,58%, sería do 24,30%, ese sería realmente o aforro para este Concello. Fala vostede das asistencias contratadas, pois mire vostede, eu voulle dicir unha cousa o novo Concelleiro de deportes e Coordinador das Escolas deportivas, ten un máster en xestión deportiva, por exemplo, que non tiña a persoa a que vostede fixo referencia, por certo eu nunca farei referencia a ningún traballador do Concello, porque todos teñen a mesma dignidade, e todos teñen as mesmas oportunidades de poder traballar neste Concello, pero saben vostedes o que pasaba en Barbadás, que esas asistencias técnicas como da persoa que se acaba de referir o voceiro do Partido Popular foi contratado sen concorrencia competitiva, foi contratado a dedo, foi un contrato feito a dedo, e facturaba con facturas, chegaba aquí con facturas todos os meses, e foi un contrato onde ningunha persoa do Concello de Barbadás, ningún mozo, ningunha moza, por moitos estudos que tivera, por moitos máster en xestión deportiva como Adrián, por moitos estudos, por moita capacidade, por moitos partidos que xogara en primeira división co Deportivo da Coruña, nunca tiveron a máis mínima oportunidade de traballar no Concello de Barbadás co Partido Popular,



agás, que non foras na candidatura do Partido Popular, non foras interventor do Partido Popular, non foras apoderado do Partido Popular, ou non foras axente electoral do Partido Popular, esa era a condición sine qua non para traballar neste Concello, a partir de agora para traballar aquí vai haber que pasar un proceso de selección transparente, e a partir de agora as empresas que queiran contratar con Barbadás van ter que estar sometidas a un proceso de contratación, con publicidade, transparencia, e estámolo demostrando agora mesmo na páxina web do noso Concello, vaia vostede á pestana das contratacións, de promoción, e están aí colgadas todas, absolutamente todas, as ofertas que fixemos para a máis mínima contratación, o máis mínimo gasto, o máis mínimo gasto estámolo colgando na páxina web, para que todas as empresas nos poidan facer ofertas e nós escolleremos aquela que sexa máis beneficiosa para o Concello, baseándonos en criterios de calidade e de prezos. Fálase de que nos subimos os salarios, non, desculpe, non nos subimos os salarios, estámonos establecendo uns salarios, porque é a primeira vez que estamos en Barbadás, como que nos subimos salarios, non, hai unha moción do Partido Popular que é absolutamente, non vou dicir o que penso, porque nos di o seguinte, dinos, vamos rebaixar os salarios un 15%, acaba de dicir que nos reduzamos os salarios, pois reduzamos o salario un 15% respecto ó que gañaban vostedes e multipliquemos por dous, porque se vostedes tiñan unha adicación parcial e nós unha total, collamos os seus salarios, reduzámoslos o 15% e multipliquemos por dous pola adicación que lle prestamos, quere que faga isto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, eu en ningún momento lle fixen a vostede ningunha apreciación en canto ó tempo, que tamén vostede se excede dos cinco minutos, dado precisamente que este tamén é un asunto de relevancia para o Concello.

O sr. Fírvida toma a palabra: Se hai unha segunda quenda de intervención non me importa, pero só quero dicir unha cousa, a min hai unha cousa que me quedou moi clara da intervención do voceiro do Partido Popular, el non quere que reduzamos os salarios dos membros desta Corporación, como quedou clara na última parte expositiva onde nos piden maior adicacións ós membros para asistencias a Plenos, a Xuntas de Goberno, incluso piden reunións previas ós Plenos, non, non queren redución dos salarios, queren redución dos nosos salarios, que é diferente, non dos seus, vostedes queren cobrar máis e nós cobrar menos. Sobre iso vou falar despois.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Unha segunda quenda de palabra, por favor. Tres minutos máximo para calquera dos intervintes.

O sr. Padrón toma a palabra: Só por alusións do compañeiro do Partido Popular, que dicía que no noso programa ía o de goberno transparente, vólvolle a repetir, nós estes datos traballámoslos



preguntándolle á Interventora, e estes datos son os números que dan contando Seguridade Social, que as paga o Concello, contando todo, se quere veña comigo onde a Interventora e corroboramos estes datos. Volvo a repetir hai un dato que aínda non se pode corroborar ata dentro dun mes, que é a Seguridade Social, que afirman os compoñentes do Grupo de Goberno que non se sabe hoxe en Intervención, non poden dicir se será ou non será, entón hai que esperar un mes para saber se se corrobora esa Seguridade Social, se esa Seguridade Social do Grupo de Goberno se corrobora entón estaremos no 14 e pico por cento do que faláramos, e o compromiso que adquiriramos, por iso teremos que esperar un mes para sabelo, eses son datos obxectivos que se nos sentamos nunha mesa calquera persoa veos e non teñen debate político. Logo con relación a Adrián, eu simplemente quixera dicir que unha persoa que quere asumir un traballo doutra persoa que se está pagando o Concello fóra, e esa persoa foi a elixida polo pobo e quere asumir ese traballo, pois deámoslle o beneficio da dúbida, polo menos se o vai facer ben ou mal, como nos gustaría a min mesmo que mo deran, ou creo que a vostede mesmo que é novo na Corporación tamén lle deran o beneficio da dúbida se vostede quixera asumir un traballo para o que se ve capacitado pois necesitaría o beneficio dunha dúbida para ver se o fai ben ou mal. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señor Padrón. Ten a palabra a señora Serafina.

A sra. Varelas toma a palabra: A min as palabras do señor Fírvida parécenme moi bonitas, estou de acordo con elas, o que me paréceme é un gasto de tempo e de enerxía estar sempre falando do PP, mire, o PP está aquí na oposición con nós, entón vulle dicir ó Goberno que empece a traballar polos veciños, que deixe ó PP en paz que xa está na oposición coma min, e coma o outro compañeiro e traballemos, deixémonos de pelexar por uns euros porque é moi triste, hai moitas necesidades, estamos perdendo Plenos en tonterías, porque o aforro do Concello como vostede dixo é certo, non se basea tanto nos soldos nosos, e tamén é certo que á oposición recortóusenos moito, en moitas cousas que vostedes tiñan na oposición anterior, eu trago con iso, porque por encima de todo están os veciños, e parece que todos os Concelleiros aquí estamos un pouco perdendo o norte, por favor esquezan ó PP e traballen, miren para adiante.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señora Serafina Varelas. Ten a palabra a voceira do Grupo Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: Eu algo moi breve, só dicir que no noso programa electoral como lembraba o compañeiro Manuel González falábase de reducir en salarios dos Concelleiros, 14,58% iso chámase redución, iso é unha cifra real e obxectiva. Volvo a reiterar que Adrián ten un máster en



xestión deportiva e que o seu antecesor, ou a persoa que desempeñaba o cargo que el vai desempeñar non tiña cualificación, e lembremos tamén que non se pode xulgar antes de comprobar o traballo realizado por un Concelleiro, unha Concelleira, un traballador, ou unha traballadora, porque nós cando tomaron posesión algunha Concelleira tivo problemas coa xestión da súa área, cando houbo problemas cun campamento de verán, foi cando pedimos a dimisión desa persoa, por poñer un exemplo, nós cando ela tomou posesión e se aprobou a súa dedicación, non a xulgamos, esperamos a que actuara, actuouse en consecuencia, evidentemente a Concelleira non dimitiu e está aquí hoxe tamén na bancada do Partido Popular, e fáleme a min, o Partido Popular fállalle ó Partido Socialista de pago de favores, cando sae unha Concelleira do Partido Popular, deixa de ser concelleira e entra a súa parella por unha asistencia técnica, iso non é un pago de favores.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Grupo Popular.

O sr. González toma a palabra: Vaian por diante as miñas desculpas se me expliquei mal, eu non atento contra a capacidade de don Adrián nin a poño en cuestión, si que ó mellor habería que esperar a demostrala para despois cobrar máis, pero non entramos nesa cuestión da capacidade baixo ningún motivo, e pídlle desculpas se me entendeu así, non o cuestiono en ningún momento. A pregunta clara é, cobran máis ou cobran menos que antes, iso é o que hai que preguntar, vostedes están cobrando máis, cal é o motivo de castigar á oposición, soben un 20% os soldos reais, deixémonos de media xornada, ou xornada completa, están subindo soldos reais e estannos baixando á oposición un 60%, é dicir, o aforro do 15% pivota sobre a oposición en gran medida para que así non fiscalicemos, é un incentivo en contra. Non é kafkiano señor Fírvida, é duro escoitar a verdade, teño aquí actas que podíamos estar falando aquí todo o Pleno, porque sistematicamente ano tras ano vostedes, no 2013, en decembro de 2013, no 2011, no 2012, todos os anos pedían rebaixas de soldos, pedían incluso que se lle baixaran os soldos ós Concelleiros con adicacións, para adicalos pois a libros para os rapaces, noutras ocasións para adicalos a incentivos doutro tipo para a cidadanía, e non imos entrar neste tipo de cousas, fagan memoria se queren e punto. Volvemos ó problema dos cartos e dos números cos que emborracharon ó señor Padrón, non é un problema de xestión, o Concello ten case un millón de euros, vólvollo a repetir, senón o saben xestionar é outra cousa, están aquí as contas e pódese dicir, igual co das asistencias é mentir claramente, senón temos aquí á Interventora Municipal que lles pode explicar por que había que contratar con ese tipo de contratos e non se podía contratar respectando á lei nacional. Volvemos a que é un problema de ética e neste momento están gobernando cun documento de compromiso que llo vou a expoñer na seguinte moción, non o vou misturar como fixo vostede, xa



llo direi na seguinte moción, un documento de compromiso no que se comprometían a baixar un 15% os soldos, dietas e demais, e non o están cumprindo se votan a favor deste plantexamento seu. Por último dicir que vostedes non vivían neste Concello se se atreven a dicir que tanto dona Chelo Vispo, coma dona Nieves Carril, coma o resto de Concelleiros, non traballaban as 24 horas, sábados, domingos, en todos os lados, e a cafetería é un sitio de descanso igual que é a rúa ou igual que pode ser calquera outro señor Fírvida, ó final esa é a verdade, o escándalo é subir os soldos e non baixar o 15% como prometeron, menten vostedes, son uns auténticos mentireiros, e en canto ó señor Padrón que falaba dun 4% de baixada, onde está iso.

O sr. Padrón toma a palabra: O 4%, volvo a repetir, senón vamos onde a Interventora e miramos os datos, volvo a repetir sempre que estes datos novos están pendentes de que dentro dun mes se corrobore a Seguridade Social dos novos membros do Goberno, por iso nós vámonos abster hoxe na votación, pero se se corrobora o dato dentro dun mes das Seguridades Sociais estaremos na porcentaxe que nós aprobamos. O 4% é a diferenza que hai entre o custe do Goberno anterior e o custe do Goberno novo, ese é o 4% que sumado aos 18.000€ que se aforran do Modesto, porque asume o seu traballo o Concelleiro de deportes, ese 4% sumado ó 10% dese salario de Modesto que o asume o Concelleiro de deportes dan o 14 e pico por cen.

O sr. Alcalde toma a palabra: Sométese a votación este punto da orde do día. Votos a favor, abstencións, votos en contra, a proposta queda aprobada

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG, as abstencións de Democracia Ourensana e Grupo Mixto e os votos en contra do PP o seguinte acordo: **“Retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación”**

7- DAR CONTA DA CORPORACIÓN DOS MEMBROS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

O sr. Alcalde toma a palabra: Dación de conta da Corporación dos membros das Comisións Informativas. Aquí todos vostedes teñen a documentación que facilitou a Secretaría, cada un dos Grupos municipais presentou os seus compoñentes das Comisións informativas e polo tanto simplemente é trasladarlles a información de cada grupo. Moitas grazas.



8- MOCIÓN DO PP DE BARBADÁS ANTE A REFORMA DA LEI HIPOTECARIA E DO CATASTRO INMOBILIARIO.

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto é a moción do Partido Popular de Barbadás ante a reforma da Lei hipotecaria e do catastro inmobiliario, ten a palabra o seu voceiro ou voceira.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Ante a reforma da Lei Hipotecaria e a do Catastro inmobiliario, publicada o pasado xoves día 25 do mes de xuño do presente ano no Boletín Oficial do Estado (BOE), Lei para acatar a sentenza do Tribunal Supremo de maio de 2014, que establece que os terreos urbanizables non poden valorarse para os efectos de pagamento da contribución como se fosen urbanos (o coñecido como recibo do IBI) ata que non teñan aprobado o instrumento urbanístico que os desenvolva é dicir, deberán tributar como terreos rústicos ata que teñan unha ordenación detallada, cun plan parcial ou de sectorización aprobado e contén con infraestruturas de saneamento, electricidade e auga plenamente operativas.

Na citada Lei, obrígase aos concellos a comunicar á Dirección Xeral do Catastro a situación urbanística dos seus chans urbanizables para que estes pasen a ser clasificados como chans de carácter rústico, aqueles que carezan de ordenación detallada e polo tanto debe ser o Concello o que actualice os datos catastrais para empezar a cobrar menos aos veciños que teñan propiedades nesta situación.

Ante a importancia desta reforma da Lei Hipotecaria e a gran transcendencia que ten para moitos propietarios e veciños e veciñas do Concello de Barbadás o Grupo de Goberno do Concello de Barbadás coñece a data de entrada en vigor da esta reforma e os prazos para que a oficina de recadación da Excelentísima Deputación Provincial de Ourense modifique en tempo e forma os recibos de IBI correspondentes ao ano 2016.

Por todo iso o grupo municipal do PP de Barbadás pide que o Pleno do Concello aprrobe os seguintes acordos:

- 1- Que á maior brevidade posible traslade a modificación da citada Lei ao servizo de urbanismo para que estuden a situación dos terreos cualificados como urbanizables en todo o Concello.
- 2- Cúmprase coa referida Lei e comuníquese á Dirección Xeral do Catastro da devandita situación.
- 3- Ínstase ao servizo de recadación da Excelentísima Deputación de Ourense á modificación dos correspondentes recibos de IBI afectados

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto

O sr. Padrón toma a palabra: Dende o Grupo Mixto estamos de acordo coa moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira do grupo de Democracia Orensana.



A sra. Varelas toma a palabra: Estamos de acordo coa moción pero quería que o Goberno actual cuantificara que diñeiro lle supón deixar de ingresas nas arcas do Concello.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro ou voceira do Grupo Nacionalista

A sra. González toma a palabra: O RD lexislativo 1/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei de catastro inmobiliario no seu artigo 7.2 establecían que eran bens urbanos: a) o clasificado ou definido polo planeamento urbanístico como urbano, urbanizado ou equivalente (no que se refire ó noso Concello sería fundamentalmente á trama urbana de A Valenzá), b) os terreos que teñan consideración de urbanizables ou aqueles para os que os instrumentos de ordenación territorial e urbanística prevén ou permitan o seu paso a situación de solo urbanizado, sempre que estean incluídos en sectores ou ámbitos espaciais delimitados, así como os demais solos deste tipo partir do momento da aprobación do instrumento urbanístico que estableza as determinacións para o seu desenvolvemento que no caso do Concello de Barbadás se refire fundamentalmente ó clasificado como solo rústico común non delimitado ou apto para urbanizar, os coñecidos coloquialmente como urbanizables, nas aldeas cando acaba o solo de medio rural para construír se necesitan entón sobre vinte mil metros e facer un plan sectorial; c) o integrado na trama de dotación e servizos propios dos núcleos de poboación; d) o ocupado por núcleos e asentamentos de poboación illados; e) os solos xa transformado por contar con servizos urbanos; f) o que está consolidado pola edificación. Polo tanto ata agora, estes podían estar sometidos á tributación de IBI urbano. A recente Lei 13 do 2015 que modifica o apartado b) ó que fixen referencia anteriormente quedando redactado como segue: os terreos que teñan consideración de urbanizables ou aqueles para que os instrumentos de ordenación territorial prevén ou permiten o paso á situación de solo urbanizado sempre que se inclúan en sectores ou ámbitos espaciais delimitados e se establecesen para eles as determinacións de ordenación detallada ou pormenorizada. Na maioría dos casos en Barbadás non se pagaban IBI urbano polo solo rústico común apto para urbanizar polo que na maioría dos casos o efecto desta modificación legal vai ser neutra para a maior parte dos veciños. Se vostede pensaba dona Consuelo Vispo que isto se refería a zonas como o AR-10 e viña aquí a defender os intereses do seu xefe, do seu antigo xefe, estaba moi equivocada no tiro, non se preocupe, non se preocupe que este Goberno vai cumprir a Lei, esta, e todas, e tamén se vai preocupar da excesiva valoración catastral que teñen en xeral os inmobles urbanos e que a vostede nunca lle preocupou, e que fan que os nosos veciños por unha leira de patacas, na que sementan patacas, pero que poderían construír un chalé, paguen máis que por un piso no Parque de San Lázaro, tranquila que nós vámola a cumprir a Lei, xa o defendemos con



anterioridade e seguiremola defendendo e non imos facelo só porque o di a Lei, facémolo tamén polos intereses dos nosos veciños, ou vostede ten algún motivo para que neste Concello non se cumpra a Lei, porque presentan unha moción que ten que ser así por Lei, entón ten vostede algún motivo, ou algunha sospeita de que neste Concello non se cumpriu a Lei, e que non se vai seguir cumprindo a partir de agora. O BNG dona Consuelo Vispo e vostede tamén o sabe, sempre defendeu ós veciños e polo tanto así vai facelo o Goberno Municipal para que ningún veciño pague ningún euro máis do que corresponde en xustiza e equidade, e senón fora así, vai ser o propio Bloque Nacionalista Galego o primeiro que o denuncie fíxese vostede ben o que lle estou dicindo, e que conste en acta.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Ánxela. Ten a palabra a voceira do Grupo Socialista, máximo cinco minutos por favor.

A sra. Morenza toma a palabra: Nós dicir só que na actualidade en Barbadás só hai dúas zonas afectadas por este suposto que é a ubicada entre o pavillón de deportes e o AR-10, que carece na actualidade dunha ordenación detallada, e a segunda zona afectada por este cambio na lexislación é a situada entre a Finca Fierro e a Avenida de Celanova. Ambas as dúas requiren un plan de sectorización tal e como recollen os cambios na normativa e trátase dun tipo de solo que se está pagando como urbanizable pero xa a efectos de catastro, tería que ser considerado como rústico tal e como se propón no cambio da Lei, aínda que a efectos urbanísticos xa ten esta cualificación de rústico. Este asunto para ser operativos podemoslle dicir hoxe que se resolverá a partir de setembro cando os servizos técnicos da Deputación se senten cos técnicos do Concello de Barbadás e analicen punto por punto as fincas coa súa referencia catastral e se teña esa información precisa que a día de hoxe non se pode dar por un problema de que un dos xefes de servizo está de vacacións e o outro xefe de servizo vaise a ir entón por agora non se pode facer, en setembro farase, evidentemente cumprir a Lei sempre, xa non entendemos moi ben porque se presenta esta moción para que se cumpra a Lei, cando efectivamente como dicía a compañeira Ánxela non dubidamos de que se estivera cumprindo ata o de agora.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o señor Tenente de Alcalde

O sr. Fírvida toma a palabra: Si, moi breve, o que nos propón o Partido Popular nesta moción e que cumpramos a Lei como xa dixeron as Concelleiras do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista, estean vostedes tranquilos, a Lei se vai cumprir nesta casa a partir de agora. O servizo de urbanismo deste Concello está formado por profesionais como vostedes ben deberían saber, por excelentes profesionais, e polo tanto van facer cumprir a Lei en canto a todas estas cuestións que hoxe



nos están plantexando, en todo caso eu creo que vostedes se deron moita presa porque esta sentenza obriga a empezar coa tramitación e comunicación dende os Concellos aos diferentes servizos de recadación o día 1 de novembro, di a Lei, e vostedes nolo presentan a mediados de xullo, está ben, tomamos nota, e como dicía o servizo de urbanismo xa está sobre o caso. Como dicía Victoria en Barbadás só hai dous núcleos que teñan esta consideración, non é por certo o AR-10, nin son os núcleos rurais que ata agora si que se vían moi prexudicados polo recibo do catastro, porque hai moitos propietarios de fincas no rural que teñen solos que están catalogados como urbanizables, cando en realidade non se pode construír neles, e sen embargo o Partido Popular nunca na vida presentou unha moción e nunca na vida fixo nada, nin por reducir o recibo do IBI deses propietarios nin por mellorar a súa situación, hoxe si o fan por uns propietarios que ben, non sabemos quen é, pero en todo caso tampouco sabemos se en Barbadás estamos pagando IBI, porque seguramente non o estean pagando, vamos a preguntalo nos servizos de recadación da Deputación Provincial de Ourense, como dicía Victoria estivemos preguntando estes días pero non hai ninguén que nos responda, se se está pagando faremos as comunicacións requiridas, como non pode ser ademais doutro xeito.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, algunha quenda de palabra adicional. Ten a palabra a voceira do Grupo Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Empezo porque nós si que fixemos os deberes, nós estamos aquí na oposición, e vós sabedes tanto o Grupo do BNG, como o Grupo do PSOE, que tendes a cadeira prestada, prestada por un grupo que vos deu a Alcaldía, pero non a gobernabilidade, todos estamos agora a traballar, e que saiba toda a veciñanza que o Partido Popular ven a traballar por todos, e como xa dixen na Comisión Informativa onde eles non están, están aquí e quero que o escoiten é que nós se vemos algunha proposta do grupo agora mesmo que está gobernando, vamos a tirar para adiante porque esa é a nosa idea, temos unha proposta de traballo de 115 que imos ir traendo pouquiño a pouco, unha destas é esta que traemos hoxe para aforrarlle os cuartos ós veciños.

O sr. Alcalde toma a palabra: Estamos falando aínda da Lei Hipotecaria.

A sra. Vispo toma a palabra: Si, é que por alusións anteriores creo que estou na miña quenda de palabra, e teño que dicir o que a veciñanza ten que escoitar. O Grupo Popular non vai para atrás, a ver todo o que está de atrás, que creo que durante vinteoito anos este Pobo, este Concello, medrou, e é un referente en toda a Comunidade Autónoma, en referencia a alusións antes, que estou na miña quenda, a Modesto, nós non estamos enfrontando a Adrián con Modesto, o que si quero que teñamos un respecto ás persoas que xa non están, por vostedes, tanto coma Modesto, e a Corporación antiga, tanto



o Alcalde coma os que saíron, creo que temos que ter un respecto, e coma dixo ben a miña compañeira Serafina Varelas, é que temos que tirar para adiante, e non estar vendo o que fixemos atrás, tirar todos para adiante, por os nosos veciños. Vamos a ver, si fixemos os deberes, os veciños en cuestión desta moción si hai AR que están prexudicadas, si están pagando como recibos de IBI, entón o que propomos aquí é que o Goberno, axudarlles a que fagan ese traballo, e que non se esquezan que hai que cumprir as Leis, eu non estou dicindo que non as cumpran, porque nós ata agora si as cumprimos, e para iso tiñamos unha Interventora que si nos estaba guiando en todo momento no traballo que facíamos, e cando facíamos algo mal estaba ela para pararnos, como nos parou na contratación de diversas persoas, non sei se sabe a cidadanía o que fixeron, si que votaron á xente que tiñan as contratacións privatizadas coma din vostedes, non, eu non sei dar bolillos, a miña compañeira que levaba cultura tampouco sabe, tampouco sabe dar baile, tampouco sabe dar, esas persoas xa non están no Concello, para que a veciñanza o sabía, vostedes teñen que saber que nas rúas nestes días a xente pregúntanos a todos que vai pasar en setembro con todo, a ximnasia de mantemento que había nos pobos, todo iso xa nos irán explicando, imos deixar traballar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Estamos falando da Lei hipotecaria

A sra. Vispo toma a palabra: Si, pero estou na miña quenda, eu vou para un lado ou para outro.

O sr. Alcalde toma a palabra: Hai que cinguirse á moción.

A sra. Vispo toma a palabra: Estou, estou na liña de que estamos a mirar polos veciños de Barbadás.

O sr. Alcalde toma a palabra: Tres minutos por favor como máximo.

A sra. Vispo toma a palabra: E termino, de que todos os grupos xa pedimos o estado de liquidación do presuposto para que a veciñanza saiba que só en obras que empezamos cun orzamento de vinte e cinco mil euros, e se me equivoco que Eva o diga, o demais están en todas as partidas o diñeiro que queda, que non está baleiro, que os soldos dos políticos quedaron cos dezasete Concelleiros presupostados ata o 31 de decembro, que todas as partidas de todas, cultura, policía, educación, está todo presupostado ata o 31 de decembro, que deixen de mentir porque xa estamos fartos, de que nos insulten, de que nos digan que non facemos nada, e a xente que vivimos en Barbadás estamos encantada ata agora.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Ten a palabra o Tenente de Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Polo visto a moción era o menos importante do que se traía hoxe aquí a este Pleno, segue falando dos AR, non é certo, xa se lle explicou, o solo urbano non consolidado non



está contemplado nesta sentenza, nin nesta reforma da Lei catastral, senón que está contemplado o rural urbanizable, vostede erre que erre. E mire sobre as contas, sobre a base de execución do orzamento, mente vostede, e sábeo, ademais mente a sabendas, aquí hai partidas presupostadas, comprometidas ata final de ano loxicamente, como son soldos e salarios, seguridade social, e unha parte do gasto corrente que é o que vostede está facendo referencia sobre o gasto comprometido, o resto do gasto está totalmente esgotado, entón esas persoas que lle preguntan a vostedes se este ano vamos a poder impartir clases de bolillos, dígalle que non o sabemos, sabe por que, porque debemos diñeiro de facturas que comprometeron vostedes e non temos diñeiro para pagar, debemos diñeiro de proxectos de obras que non se realizaron, que mandamos paralizar porque non temos partida orzamentaria para pagar eses proxectos de obras, e no resto dos servizos do Concello, cultura, deportes, servizos sociais, está o gasto corrente totalmente comprometido e gastado, é máis, esta semana están chegando facturas que non vamos ter fondos para pagar. Señora Consuelo Vispo, vostedes gastaron en cinco meses o orzamento de todo o ano e o gastaron ó grande, porque se gastaron no Entroido máis de corenta e oito mil euros, porque se gastaron na bola máxica nove mil euros, porque se gastaron nos drag queen catorce mil novecentos noventa e nove euros, porque se gastaron en asistencia técnica todo o diñeiro que había no Concello para non facer vostedes o seu traballo, entón nos non veña aquí a dar leccións de nada e a dicirnos que temos diñeiro, e a ver se se poden manter os servizos que se prestaban antigamente neste Concello, porque ata o ano do ano 2016, non temos diñeiro para realizar ningún gasto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Non hai alusións, aquí non houbo ningún tipo de alusión persoal, moitas grazas.

Sométese a votación a moción do Partido Popular en relación á reforma da Lei Hipotecaria e do catastro inmobiliario, votos a favor, abstencións ningunha, votos en contra . Queda aprobada a moción do Partido Popular.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e os votos a favor do PP, DO e Grupo Mixto io seguinte acordo: “Moción do PP de Barbadás ante a reforma da Lei hipotecaria e do catastro inmobiliario: 1- Que á maior brevidade posible traslade a modificación da citada Lei ao servizo de urbanismo para que estuden a situación dos terreos cualificados como urbanizables en todo o Concello.

2- Cúmprase coa referida Lei e comuníquese á Dirección Xeral do Catastro da devandita situación.



3- **Ínstase ao servizo de recadación da Excelentísima Deputación de Ourense á modificación dos correspondentes recibos de IBI afectados “**

9- **MOCION DO PP DE BARBADÁS PARA A REDUCIÓN DUN 15% NAS DEDICACIÓNS DAS/OS CONCELLEIRAS/OS E NAS DIETAS POR ASISTENCIAS ÓS PLENOS.**

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Partido Popular de Barbadás para a redución dun 15% nas dedicacións das/os Concelleiras/os e nas dietas por asistencia ós Plenos, ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Gómez toma a palabra: Boas tardes de novo. O Partido Popular de Barbadás desexa presentar a seguinte moción para a redución dun 15% nas dedicacións das e dos Concelleiras e Concelleiros así como tamén nas dietas por asistencia a Plenos, Comisións e demais. Como ben dicía antes o pasado día 24 de maio, as veciñas e veciños de Barbadás, enviáronnos un claro mensaxe de cambio a todos os partido políticos. Dende o grupo do Partido Popular tomamos boa nota diso, temos boa memoria e sabemos onde estamos, e somos conscientes de que políticos e institucións, atendendo ao sentido común e ao sentir veciñal, temos que ser os primeiros en asumir sacrificios que redunden nun beneficio para a nosa sociedade, por todo iso presentamos esta moción, Consideramos que a liña de traballo, adicacións e soldos presupostados eran axeitados para seguir traballando, de todos xeitos para seguir con esta liña de aforro, propoñemos aquí unha redución do 15% das dedicacións a custos por asistencia antes citadas, de tal maneira que as retribucións quedarían como seguen:

Plenos e Xunta de Goberno:

Presidente: $190 \text{ €} \cdot 15\% = 161,50 \text{ €}$ Concelleiros: $142,50 \text{ €} \cdot 15\% = 121,12 \text{ €}$

Comisións informativas: $142,50 \text{ €} \cdot 15\% = 121,12 \text{ €}$

Reunións Previas:

Presidente: $95 \text{ €} \cdot 15\% = 80,75 \text{ €}$ Concelleiros: $95 \text{ €} \cdot 15\% = 80,75$

Retribución por Concelleiro: (bruto)

$1203,50 \text{ €} \cdot 15\% = 1022,97 \text{ €}$ $1346,46 \text{ €} \cdot 15\% = 1152,99 \text{ €}$

Retribución do Tenente de Alcalde:

$2712,91 \text{ €} \cdot 15\% = 2305,97 \text{ €}$

Asignación aos partidos:

$97,10 \text{ €} \cdot 15\% = 48,53 \text{ €}$



11,42€15%=9,70 €

Por senón quedan convencidos queremos recordar o documento asinado por D. Ramón Padrón Calviño aquí presente, D. Xosé Carlos Valcárcel Doval, na súa primeira folla, despois dunha longa exposición na que falan entre outras cousas de que valores como a ética e principios como a transparencia e a honestidade estiveran sempre presentes na xestión pública no penúltimo parágrafo di textualmente que se comprometen a (e dígo textualmente tamén que conste en acta): reducir nun 15% nos catro anos de lexislatura os gastos municipais en soldos, dietas e asignación do Alcalde, Concelleiros e grupos municipais, data de cumprimento a partir do 2015; ese é o documento que ten a disposición toda a cidadanía. Pódese dicir máis alto pero non máis claro, se o precisan temos copia do documento por si xa esqueceron o que asinaron, aquí o temos presente por si lles fai falta. A nosa moción respecta literalmente punto por punto o asinado, o Partido Popular respecta o cambio que os cidadáns nos esixiron nas eleccións, ¿e os demais? que se vaian preparando para explicarllo ós veciños se non o fan. O propio señor Alcalde levaba no seu programa electoral deste ano no punto 17 a seguinte proposta, e leo textualmente tamén: “a redución do salario dos concelleiros e concelleiras”, que pasaría se vota en contra da nosa moción, e a D. Ramón Padrón Calviño que lle diría a xente non imaxino neste verán nas festas e no fútbol dando explicacións á cidadanía, aquí non é cuestión de números e cuestión de ética, xa llo dixen moitas veces, a ver se por repetila unha máis cala. A xente quixo un cambio e iso é o que hai que demostrar. Cando un vai de que non é político de que ten máis ética que os demais, de que é máis honrado que os políticos tradicionais, non basta con dicilo señor Ramón ten que demostralo, pero tamén ten que parecelo, cando un asina un documento por escrito diante da cidadanía presumindo de transparencia, e referéndese ese documento, por tanto e respectando o mandamento da cidadanía dende o grupo Municipal de Barbadás propoñemos unha baixada do 15% nas dedicacións, dietas e asistencias, incluídas por suposto as nosas, aos Plenos e reunións de todos os membros desta Corporación, esperamos o voto unánime a favor desa moción por parte de toda a Corporación sendo consecuentes co que dixeron e asinaron publicamente. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten a palabra o señor voceiro do Grupo Mixto.

O sr. Padrón toma a palabra: Volvo a repetir que o Grupo Mixto asinou o compromiso de que hobera unha baixada do 15% nas retribucións, o que non vai ese 15% está demostrado nos custes do Goberno anterior, cos custes que xa falamos antes diso, o que non vai facer o Grupo Mixto é dicirlle ó Goberno como ten que repartir os soldos, está claro, entón haberá que obrigar a Firvida a que



cobre o que cobraba o anterior Tenente de Alcalde, haberá que obrigar a Adrián, ou sexa que asumindo unha xornada completa, a asumindo un xornal de, ou sexa, o traballo doutra persoa que estaba contratada no Concello que se quede cun soldo de 800 € a ver o Goberno administraranos eles, ó final o que se conta é a conta de resultados finais que nos aproximamos ó 15%, agora como organicen eles as dedicacións e os soldos que se poñan pois é cuestión deles.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra a voceira do grupo Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Volvemos a repetir o punto de antes, practicamente estamos toda a tarde falando as mesmas cousas. Volvemos a repetir o de antes, eu, Democracia Ourensana quere que isto quede resolto dunha vez que se aprobe o que se teña que aprobar e que empededes a traballar xa e agora.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas pola súa brevidade ademais. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Grupo Nacionalista, BNG.

A sra. González toma a palabra: Ramón parece que o explica no fútbol e vostede parece que o explica na consulta, eu voulo explicar aquí no Pleno que é o lugar de explicar as cousas. Mire, efectivamente tal e como di no inicio da moción, di que os veciños e as veciñas enviáronlles unha clara mensaxe cambio a todos os partidos políticos, e efectivamente enviaron unha clara mensaxe de cambio e decidiron que tiña que haber un cambio en Barbadás, decidiron botar ó PP de Barbadás, e eu aínda diría máis, non só decidiron botar o Partido Popular de Barbadás, senón que decidiron que vostedes que a súa candidatura en concreto, que a súa candidata cabeza baixase os postos suficientes para non poder gobernar, iso é o que decidiron os veciños e as veciñas de Barbadás, un goberno alternativo ó do Partido Popular, e por que decidiron iso Chelo, decidiron iso, polas túas maneiras e mañas de traballar, polas vosas maneiras e mañas, polas maneiras e mañas que utilizou o Partido Popular durante vinteito anos, e houbo xente que votou e non ten a memoria suficiente dos vinteito anos pero si a dos oito anos atrás, viron un PP imputado, desgastado que pregoou a austeridade para a poboación mentres vostedes cobraban dous soldos ou media xornada, etc..., o que dixemos tantas veces. Sen ir máis lonxe hai que lembrar que as Concelleiras do Partido Popular, hoxe na oposición e ata uns meses no goberno, estiveron cobrando media xornada, e a actual voceira repito, cobraba dous soldos, un pola súa labor profesional e outro pola media xornada que era imposible que a cumprira, como antes lle explicou ben o noso compañeiro Fírvida. Vemos que unha vez perdidas as eleccións volven á mesma e queren recuperar o seu peto, como o queren recuperar,



pois así presentando unha moción deste tipo, a min cando a lín fíxome un pouco de gracia, porque din: Plenos e Xuntas de Goberno 190 euros, e eu vexo aquí: retribucións ás indemnizacións dos membros da Corporación que acabamos de falar aquí, Plenos 150 euros, e vostedes propoñen rebaixar e coa rebaixa dálles 161,50, coa rebaixa, e resulta que os temos en 150, concelleiros e concelleiras 121-100, despois segue, comisións informativas 121,12-100, non sei que é o que queren vostedes realmente, creo que queren que os seus petos se recuperen despois do que lle acaba de pasar, por que, porque vostedes o que pretenden con esta moción é subir con respecto ó que plantexa o goberno un diñeiro que lles afecta de maneira individual a cada Concelleiro e a cada Concelleira, sen embargo, plantexan reducir os de grupo da oposición, e resulta que este goberno por xustiza plantexa unha subida ós grupos da oposición que necesitan os medios, e nós sabémolo por experiencia, para poder traballar, e vostedes plantexan a subida no que cobran cada un de vostedes, vostede ademais da Deputación busca un pequeno incremento agora nisto supoño que para completar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Grupo Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: O Partido Popular moitas leccións de ética esperemos que non nos poida dar, nin nos queira dar ó longo de toda a lexislatura, volvo repetir a cifra porque eles non se cansan de repetir o 15% e eu volvo repetir o 14,58%, unhas décimas, e vostede agora eríxese en voceiro do compañeiro Ramón Padrón, supoño que isto o falarían antes, supoño que isto non será un conchaveo, porque vamos que vostede se veña erixindo no seu voceiro, el ten a súa palabra propia, o seu foro propio, é voceiro do Grupo Mixto. Falan vostedes de mirar para adiante pero non deixan de falar do mesmo os soldos, os salarios, pero vostedes quérense subir como di a compañeira Ánxela, aquí fálase dos Concelleiros cóbran 100€ por Pleno, 100€ por Xuntas de Goberno, 100€ por Comisións Informativas, por Xunta de Goberno non, cobrábanos antes un pouco máis, Xunta de voceiros 100€ e vostedes falan de 121€ 161€ está claro que teñen que cinguirse á proposta que foi aprobada que é a dos 100€ está claro que a súa proposta non é realista.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o Tenente Alcalde, señor Fírvida.

O sr. Fírvida toma a palabra: En esta moción se nos pide sentido común e asumir sacrificios, o Partido Popular pídenos sentido común e asumir sacrificios, por que non o fixeron vostedes antes, tiveron vinteito anos para demostrarlle a esta cidadanía do Concello que podían asumir sacrificios, e non o fixeron nunca, agora que perden o goberno e hai un novo grupo de goberno, nos piden que nós fagamos sacrificios din na miña aldea “tarde piaches”, pois mire, nós xa estamos asumindo



sacrificios, eu creo que quedou ben claro para todo o mundo, agás para vostedes, pero quedou claro para todo o mundo, que o aforro do novo grupo de goberno de Barbadás supón vinteún mil euros ó ano, o que supón unha cantidade de oitenta e catro mil euros de aforro para este Concello ó longo de toda a lexislatura, este grupo de goberno vai gastar oitenta e catro mil euros menos do que gastaba o goberno do Partido Popular ó longo desta lexislatura, iso é recorte de diñeiro, iso é aforro. Pero vamos agora a falar das asistencias a grupos, falan vostedes de que lle recortamos a asistencias a grupos, pero o que non lle están contando vostedes á cidadanía é que agora vamos a ter un Pleno mensual cando antes tiñamos un Pleno cada dous meses, polo tanto vostedes van a cobrar 100€ por cada vez que tiñamos Comisións Informativas, e 100€ por cada vez que tiñamos Plenos, que resulta que agora é tódolos meses e antes era cada dous meses, é dicir, van vostedes cobrar máis do que cobrabamos os membros da oposición antes, que cobrábamos 140€ pero tiñamos un Pleno cada dous meses, entendido. Segunda cuestión, suma de todos os gastos deste novo goberno por asistencias a Plenos, Xuntas de Goberno, Comisións, etc, suma sesenta e seis mil catrocentos trinta euros o que gastaba o Partido Popular era sesenta mil euros, hai unha diferenza de seis mil catrocentos trinta euros que é o 10,7%, vaise gastar o 10,7% máis que o que se gastaba antes, tendo en conta que temos Pleno mensuais e que pasamos de trece a dezasete concelleiros, o que supón un incremento do 40% en número de Concelleiros, pois a pesar de pasar de trece a dezasete concelleiros, a pesar de pasar de Plenos bimensuais a Plenos mensuais, gastamos só seis mil catrocentos trinta euros máis, e último apunte, dos oito membros deste grupo de goberno, cinco vamos ter adicacións totais, polo tanto as cinco persoas que temos adicacións totais non vamos a cobrar nin por asistencias a Comisións Informativas, nin a Xuntas de Goberno, nin a Pleno, nin a ningún concepto de tal, vostedes si, quero dicir que os sesenta e seis mil catrocentos trinta euros é para retribuír basicamente á oposición, polo tanto todo isto de sacrificio demóstrano vostedes, porque nós xa o temos mostrado con suficiencia paréceme a min.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Algunha quenda de palabra, por favor interveña.

O sr. Gómez toma a palabra: Vendo todo isto está claro por que non saben xestionar e porque lles cumpre unha calculadora e algún programa máis. En canto a Ánxela que nos di que gañaron as eleccións, fágolle as contas rapidiño, eu son bastante rápido, teñen prestada a Alcaldía e isto é un compromiso como ben dixo antes a compañeira Chelo, é un compromiso ante toda a cidadanía, nós fumos o grupo máis votado, baixamos un 16%, pero vostedes baixaron un 5% aquí ninguén lles deu a garantía, é máis ese 21% foise un 11% a Democracia Ourensana e un 9% a Grupo MIXto, non sei



se eses votantes todos que deron un voto de castigo ó Partido Popular é certo, parte deles, pero tamén llo deron a vostedes, quererían ver esta chirigotada que están montando vostedes aquí de cobrar eses soldos, porque ó final o que queda é que cobran un 20% máis é á oposición lle baixan un 60% máis, iso é o que conta, van estar dando explicacións de aquí a todo o verán. En canto a dona Victoria que nos dicía, pois máis na mesma liña, o que conta son as contas de resultados e non enganar con contas de que se dezaeito mil, de que se tal, esas contas non funcionan, non van a enganar a ninguén. É un problema, vólvolle a dicir, é un problema porque o mesmo que están, por iso non xestionan ben, están metendo o soldo de Modesto no capítulo de gastos, de partida de gastos e representación, é así, outra cousa é que non o saiban, eu entendo que non é de mala fe, pero é que non o saben, non si íamos xestionar e tiñamos as contas ben votadas, se queren aínda llas podíamos dar, aínda lle podíamos dicir como se podía facer. Ademais mire non vou perder máis tempo con todo isto, non é cuestión de contas, eu creo que á cidadanía lle quedou bastante claro que é un problema de ética, ou se ve, ou non se ve, todo o demais son mentiras, e problemas de mal pagador, e un problema de ética e punto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a quenda de palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Primeira cuestión, non despedimos a Modesto, Modesto non era un traballador deste Concello, non o puidemos despedir porque non era traballador deste Concello, polo tanto non o puidemos despedir, están vostedes moi preocupados por isto, nós prescindimos dunha asistencia técnica que entrou neste Concello por enchufe directo do Partido Popular sen concurso público, e prescindimos dela porque as responsabilidades desa asistencia técnica, ese traballo o asume un Concelleiro do Grupo de Goberno, non estamos despedindo a ninguén, estamos aforrando diñeiro para o Concello porque podemos prescindir de empresas privadas, unicamente iso. Segunda cuestión, dígame vostede por favor, explíqueme algún día de onde sae ese 20% máis que lle sae a vostede, porque se as contas son, que nós gastamos cento corenta e un mil euros e vostedes gastaban cento corenta e catro mil hai tres mil euros de aforro, e aforramos dezaeito mil da asistencia técnica, hai vinteún mil euros de aforro, e por certo o aforo non é do 14,58 %, é do 28%, porque se facemos a proporción ó tempo traballado é un aforro do 28% , non do 14%, señora Fina, por certo grazas pola súa intervención, polo ton da súa intervención, igual que polo ton da intervención do señor Ramón, e agradezo o seu ton, porque polo menos é un ton construtivo, entendo as súas inquedanzas, e non é que empecemos a traballar hoxe, é que levamos un mes traballando, hoxe estamos discutindo neste Pleno unhas cuestións, pero xa estamos traballando, e traballando duro, e claro, pois iso que me



explique alguén de onde saen as contas, por que vostedes están dicindo que gastamos un 20% máis cando as contas, si pero mire, faga o que fixo o señor Ramón veña a falar coa Interventora e pregúntelle a ela, claro, se non se fía das miñas contas veña a falar coa Interventora e pregúntelle canto gastaban vostedes que está nos orzamentos do Concello cento corenta e catro mil euros, está nos orzamentos do Concello de Barbadás do ano 2015, cento corenta e catro mil euros, e nós vamos a gastar cento corenta e un mil euros, a ver onde está o gasto que vostede di, por certo cun 67% de adicación máis a este Concello do que lle adicaban vostedes.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, sométese a votación a moción do Partido Popular de Barbadás para a redución dun 15% nas dedicacións dos Concelleiros-Concelleiras e dietas por asistencia ós Plenos, votos a favor, abstencións, votos en contra. Moitas grazas a moción queda rexeitada.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitado cos votos en contra do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto, os votos a favor do Partido Popular e a abstención de Democracia Ourensana o seguinte acordo: “Moción do PP de Barbadás para a redución dun 15% nas dedicacións das/os Concelleiras/os e nas dietas por asistencia ós Plenos.”

10- MOCIÓN DO PP DE BARBADÁS PARA A IMPLANTACIÓN DE REDE WIFI NOS LOCAIS SOCIAIS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Partido Popular de Barbadás para implantación de rede wifi nos locais sociais, ten a palabra o voceiro, voceira do Partido Popular.

A sra. Carril toma a palabra (PP): O acceso a internet é un dos cambios máis importantes que vivimos nos últimos anos. Sen dúbida algunha, trátase dunha innovación revolucionaria no campo da informática e as comunicacións, con grandes implicacións na cidadanía. Non en van, internet ensanchou notablemente as posibilidades de acceso á información, ao coñecemento, a relación entre persoas e a diversas formas de ocio, entre outras novidades. A tecnoloxía WIFI é unha tecnoloxía sen cables, cuxo sinal se emite mediante frecuencias de raio e é un dos medios hoxe en día máis empregados para o acceso a internet. No noso ámbito, no Concello de Barbadás, cremos que é importante a implantación desta medida, isto é, o establecemento de liñas wifi nos espazos comunitarios do Concello, Locais Sociais dos nosos pobos, como así se fixo na Casa da Cultura hai ano e medio. Coñecendo esta necesidade plantexamos a seguinte moción: Instar ao goberno á elaboración dun estudo para o establecemento de zonas wifi nos Locais Sociais do Concello, no que



se analice os aspectos técnicos, económicos e presupostarios que implican a súa posta en funcionamento. Dar conta do devandito estudo na Comisión Informativa correspondente por razón da materia, no prazo de dous meses dende a aprobación desta moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto, señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Dende o Grupo Mixto de Barbadás estamos de acordo na maneira que está plantexada a moción do Partido Popular.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra do grupo Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Nós tamén estamos de acordo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Grupo Nacionalista.

O sr. Núñez toma a palabra: Ben, señores do Partido Popular entendo, “résultame anecdótico, resúltame simpático”, por dicilo así con suavidade, que hoxe veñan aquí, aínda que a mi a opinión que a min me mereza a presentación hoxe da súa moción aquí neste Pleno, vouma gardar para outras instancias, porque non procede. Dicir que en cinco meses deste ano dilapidaran nas arcas municipais deixándoas practicamente baleiras, e que hoxe para pagar unha factura practicamente haxa que facer un encaixe de bolillos para facerlle fronte, é unha cuestión palpable no día a día na vida municipal deste Concello, e que hoxe veñan aquí con esta moción pedindo a elaboración dun estudo para a implantación da rede wifi nos distintos locais municipais, é que é asombroso, tendo en conta o que acabo de dicirlle que os ratos paparon o queixo que quedaba, compre en definitiva ter a cara moi dura, para hoxe vir aquí a facer unha proposta desta liña que raia o cinismo absoluto, e voulle pór un exemplo da súa xestión nos últimos vinteoito anos, vostedes deixaron a Casa da Xuventude cuns ordenadores absolutamente antidiluvianos con máis de vinte anos de antigüidade, que un funciona si, e outro funciona non, é dicir, esa foi a súa xestión con respecto á informática e con respecto ás novas tecnoloxías. Votamos en contra desta moción en definitiva por as cuestións, fundamentalmente polas cuestións de quebra técnica nas que vostedes deixaron as arcas municipais.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira do Grupo Socialista

A sra. Morenza toma a palabra: A nós gustaríanos que o Partido Popular nos fixera un esquema da política de oposición que van facer, mentres estiveron no goberno rexeitaron reiteradamente propostas para a instalación da rede wifi, non, para que chegara a wifi ó Concello de Barbadás, ano 2008, ano 2009, ano 2011, e agora queren que chegue a wifi ós centros sociais, ou sexa, vostedes



está claro que teñen unha política estando na oposición e outra estando no goberno, cando estaban no goberno aprobaron unha taxa para pagar todo tipo de documentos de certificacións administrativas agora resulta que votan a favor da derogación da taxa, eu, case vamos necesitar que nos vaian facendo un esquema a medida que van presentando esas cento quince propostas coas que nos van a bombardear durante catro anos, cento quince propostas xa nolo anunciou a señora Consuelo Vispo. Nos centros sociais pódese instalar redes wifi, si, evidentemente non hai solvencia económica neste momento para facelo, e teñan en conta que vostedes puideron facelo incluso progresivamente, se o fixeron hai ano e medio na Casa de Cultura, será que non fixeron tan ben os seus deberes nos últimos anos, porque é moi recente a posta en marcha. E lembrar tamén que nos centros sociais da maioría do Concello non hai nin ordenador, entón non sei como tiñan pensado vostedes artellar a posta en marcha de redes wifi, xa sei que se poden levar portátiles, pero ó mellor hai persoas que non teñen portátiles, e que vostedes ó mellor están intentando facer políticas elitistas, que ó mellor non se poden facer tal e como vostedes deixaron as arcas municipais, non se poden facer políticas elitistas e oportunistas como a rede wifi, ademais nós estamos de acordo en instalar a rede wifi nos centros sociais, como non vamos estar de acordo, pero vostedes non deixaron diñeiro, e entón non o podemos facer, vaille ser así case este catro anos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Unha segunda quenda de palabra para a voceira do Partido Popular.

A sra. Carril toma a palabra: Vamos a ver, nós simplemente pedimos redes wifi, nós mirámolo, é un punto que levábamos no noso programa, creo que tamén algún grupo tamén o levaba, nós miramos o que valía, o que sería tan sinxelo como chamar á empresa de telefonía móbil que levaba o Concello, e pódovos dicir que era ó redor de corenta, corenta e dous euros cada local, que tan pouco é un gasto tan grande, e do que se trata é de que non todo o mundo ten internet na casa, case todo o mundo ten un teléfono, xa non vamos falar dunha tablet, nin un ordenador portátil, pero trátase de que a xente do pobo poda ter un local onde ir e teña wifi para poder navegar, simplemente é iso, non pedimos ordenadores, nin pedimos nada. Fíxose na Casa de Cultura hai aproximadamente ano e medio, dous anos, contratouse a fibra óptica o que lle supuxo ó Concello dez euros máis ó mes, que tampouco é tanto, estamos falando de dez euros máis ó mes, e na Casa de Cultura hai a día de agora cen megas para navegar, eu creo que é algo para poder estudalo, non digo que sexa este ano, pode ser pois para o ano que ven, parécenos algo pois razoable e non excesivamente caro.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón se quere facer



uso dela, claro.

O sr. Padrón toma a palabra: Na moción pon instar ó Goberno á elaboración dun estudo para saber o que custa e veremos se chega o diñeiro para facelo este ano ou o que ven, e nada máis. Esperemos que nos traian ese estudo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu vouvos a dicir o que estou pensando e opinando, paréceme vergoñento o que estou escoitando, eu non vexo dezasete concelleiros loitando por Barbadás, vexo dous partidos, ou tres partidos enfrontados, por favor, pedínvoo antes, por favor deixade, se isto se pode facer, e é bo para os veciños fagámolo, pero non empededes a dicir, non hai diñeiro, ides estar catro anos así, todos os Plenos van a ser así de absurdos, vamos a ver, nós estamos cobrando, e o pobo espera de nós moito, e o único que vexo son tonterías, ataques frontais, e despois xa falan de Democracia Ourensana, penso que somos os máis educados e os máis respectuosos aquí porque o único que vexo e boom, boom, por favor, vólvo a repetir, vou ter que todo os Plenos recordarvos aquí puxéronos os veciños para traballar non para atacar ó PP, nin atacar ó Bloque, nin ó PSOE, traballar xuntos que é o que eu quero, e parece que non se entende, estou farta de repetilo. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. A voceira do Grupo Socialista, perdón. Ten a palabra o voceiro do Grupo Nacionalista.

O sr. Núñez toma a palabra: En primeiro lugar congratularme pola intervención da señora Nieves que en oito anos creo que é unha das primeiras veces que fala en público, se unha Concelleira que estivo traballando liberada neste Concello, e en oito anos abriu por primeira vez a boca estando na oposición, despois de estar durante oito anos traballando, iso é realmente reseñable, eu penso que é reseñable, se a ti non che parece desculpa. E se efectivamente é tan barato non sei por que non o fixeron xa no seu momento, se esta cuestión era tan económica. Mire, dende este novo Grupo de Goberno evidentemente non estamos en contra, e dende o BNG non estamos en contra da implantación da rede wifi nos locais sociais, e lembro que estes grupos políticos pois efectivamente xa trouxeran propostas similares en lexislaturas anteriores que nunca foran atendidas por vostedes. Entendemos que este tipo de cuestións son os que deberan tratarse nos distintos órganos de participación veciñal da ordenanza participación que acaba de ser aprobada de xeito inicial, e que dende logo este Grupo de Goberno estudará no seu momento en próximos orzamentos municipais se a cidadanía en base ás peticións que manifesten nese regulamento e nesas asembleas así o manifestan.



O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do grupo socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: Dicir só brevemente que a proposta evidentemente que nos parece construtiva, sería interesante levala a cabo, non temos diñeiro e tomamos nota.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Sométese a votación esta moción do Partido Popular en relación a implantación da rede wifi nos locais sociais de Barbadás, votos a favor, abstencións, votos en contra. Queda aprobada a moción.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e os votos a favor do PP, Democracia Ourensana e Grupo Mixto o seguinte acordo: **“Moción do PP de Barbadás para implantación de rede wifi nos locais sociais: Instar ao goberno á elaboración dun estudo para o establecemento de zonas wifi nos Locais Sociais do Concello, no que se analice os aspectos técnicos, económicos e presupostarios que implican a súa posta en funcionamento. Dar conta do devandito estudo na Comisión Informativa correspondente por razón da materia, no prazo de dous meses dende a aprobación desta moción.”**

O sr. Alcalde toma a palabra: Estas dúas mocións de Democracia Ourensana non estaban na orde do día, foron presentadas con carácter de urxencia, polo tanto o primeiro que temos que facer é someter a consideración a urxencia destas mocións. A primeira delas é a Moción para a redución das adicacións exclusivas dos Concelleiros, e a segunda é para que os desbroces de camiños e fincas do Concello. Hai que someter a urxencia de cada unha, individualmente, polo tanto empezamos polas adicacións exclusivas dos concelleiros, sométese a votación a consideración da urxencia. Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte: **“Aprobación da urxencia da moción do partido Democracia Ourensana de Barbadás para a reducións das adicacións exclusivas dos Concelleiros”**

O sr. Alcalde toma a palabra: A segunda moción, votos a favor da consideración da urxencia da moción dos desbroces de camiños e fincas do Concello. Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte: **“Aprobación da urxencia da moción do partido Democracia Ourensana de Barbadás para os desbroces de camiños e fincas do Concello”**



11- MOCIÓN DO PARTIDO DEMOCRACIA OURENSANA DE BARBADÁS PARA A REDUCIÓN DAS ADICACIÓNS EXCLUSIVAS DOS CONCELEIROS

O sr. Alcalde toma a palabra: Empezamos a debater a moción para a redución das adicacións exclusivas dos Concelleiros, esta é a terceira ocasión en que se debate este tema, creo que xa se someteu bastante a debate, simplemente pido brevidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Democracia Ourensana esta conforme nos seguintes pagos:

PLENO: Presidente, 150 euros e Concelleiros 100 euros.

XUNTA DE GOBERNO: 150 e Concelleiros 100 euros.

COMISIÓN INFORMATIVA: Presidente 150 euros e Concelleiros 100 euros.

XUNTA DE PORTAVOCES: 150 euros e Concelleiros 100 euros.

D.O, esta conforme coas retribucións do equipo de goberno.

En canto as cinco adicacións exclusivas estamos conformes con tres:

Coa de Xosé Manuel Fírvida, Concelleiro de Facenda, Patrimonio e corporación, así como da Concellería de promoción económica, turismo e mobilidade. Dous mil trescentos vintedous euros con setenta e cinco céntimos, (2322, 75€).

Coa de Serafín Núñez Pérez, responsable da Concellería de Servizos Sociais, Sanidade e participación veciñal. Mil catrocentos cincuenta euros (1450,00€)

E de Dna Victoria Morenza do Forno, responsable de Urbanismo, Infraestruturas, Vías e obras, Servizos e Vivenda. Mil catrocentos cincuenta euros. (1450, 00€)

E propomos adicacións parciais para, Don Adrián Várela Vázquez, responsable da Concellería de Deporte.

Don José Rafael Sierra Carril responsable da Concellería de Medio ambiente, parques, xardíns, e limpeza viaria.

Valorando as súas retribucións segundo corresponda a adicación parcial

Así mesmo estamos acordo en canto as asignacións ós grupos políticos, 250€ ó mes a cada grupo político 20 € ó mes a cada Concelleiro

A sra. Varelas toma a palabra: Vamos a ver non me vou meter en canto vai gañar cada membro do Goberno e xa ben dixeran antes que non vamos perder o tempo máis nisto. Democracia Ourensana



considera que chegaban ben tres concelleiros en exclusiva, ben é certo que explicaron ben o caso de Adrián, ben, eu vou a dicir unha cousa, a todo goberno ten o dereito ou quérolo dar de cen días de gracia, quero neses cen días me demostre que Adrián vai traballar realmente o que di, porque o que di o Tenente Alcalde ten razón, vós ides traballar moito non tello dúbida, pero nós os da oposición temos que traballar tanto ou máis, oito horas, dez, doce, non sei, eu sinceramente pensaba a política era menos traballo, é enorme, porque hai que abarcar tantos campos e tantas persoas, entón vamos a ver que vai pasar, quero que o fagades ben, espero moito deste Goberno, pero tede cabeciza, demostrádeo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto.

O sr. Padrón toma a palabra: Simplemente dicir que a moción de Democracia coincide cos números que se falaran no tema das dúas adicacións, nós pensamos que Adrián mil douscentos euros para asumir o traballo que vai a tomar pois creo que o necesita, e Rafa vai gañar cento e pico euros, creo que douscentos euros como máximo, en relación co anterior concelleiro, pois parécenos unha suma ridícula, poden asumir perfectamente a dedicación exclusiva.

O sr. Alcalde toma a palabra: Correspóndelle a palabra o voceiro, voceira do BNG.

A sra. González toma a palabra: Efectivamente dende o BNG consideramos que xa está suficientemente debatido, o que si queremos agradecer á señora Fina Varelas a súa proposta que si nos parece construtiva, eu no meu argumentario efectivamente tiña que nos dera o tempo de gracia que merece calquera goberno que acaba de entrar, para poderlle demostrar que as dedicacións exclusivas van a estar máis que xustificadas. Por outro lado quero un pouco xustificar cando vostede di, que eu enténdoa perfectamente, dende o seu lugar acabada de entrar á Corporación Municipal, entendo perfectamente o se posicionamento e paréceme construtivo, pero ten que entender tamén que nós levamos oito anos na oposición e non podemos permitir que o Partido Popular polo que sabemos e máis polo que estamos descubrindo estes días, que o Partido Popular dos dea leccións a nós de moralidade e de ética, neste momento non o podemos permitir. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Grupo Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: Evidentemente a proposta da compañeira de Democracia Ourensana é construtiva, pero non entendemos por que se debería discriminar a uns Concelleiros sobre outros, e tampouco entendemos por que ó longo de todo o Pleno se está falando de Adrián máis que do resto dos cinco Concelleiros con dedicación exclusiva, entón gustaríame que todos os Concelleiros reflexionásemos sobre o linchamento que estamos facendo dun compañeiro, por que se



Ile esixe a el, por que se fala todo o tempo de Adrián, non o acabo de entender gustaríame que o tiveran en conta o resto dos Concelleiros. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra: Teño que pedir perdón ó señor Alcalde e o señor Padrón xa por interromper, teño unha voz moi alta, eu queríalle dicir ó señor Fírvida por non estar atento a miña intervención e agora non estaba á del, queríallo dicir baixiño e saúme moi alto, pido desculpas ós dous. Dito isto, a partida que sae do 20% son mil catrocentos cincuenta menos mil douscentos tres, sae corenta e seis con cinco, unha simple regra de tres nos da 20,48% de incremento isto está así as contas, ademais téñenas vostedes aí, o que pasa é que hai que lelas ben, non ler como dicía antes dona Ánxela cento corenta e oito que eran do Alcalde e non dos Concelleiros, pero entendemos que teñen problemas de xestión xa o están demostrando, pois non pasa nada. E en canto ó tema tamén vólvolle a pedir perdón a don Adrián porque non é nada persoal, non o coñecía ata que entramos aquí á Corporación, somos os dous novos e en absoluto é nada persoal, si cremos que se lle fixo unha carga moi importante, isto si que é ben sinalalo ó mellor ata como un favor persoal, se lle fai unha carga de xestión ben dura, substituír ó Modesto que era o que o estaba levando antes e a carga del, o BNG e o PSOE saberán ben porque o fan.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a quenda de palabra o señor Fírvida.

O sr. Fírvida toma a palabra: Só incidir no bo talante da proposta desta moción, entendemos que non hai razón para ter estas dúas adicacións parciais, vamos a demostrar que estes Concelleiros se merecen, porque traballan para o Concello a tempo completo, e nada máis, agradecer a boa dispoñibilidade.

A sra. Varelas ten a palabra: Vamos a ver, quero aclarar unha cousa, eu non teño nada en contra de Adrián, é que aquí parece como se Adrián fose o punto, non teño nada absolutamente en contra del. Porque digo que a de deportes que me parece menos importante que a de asuntos sociais, vamos a ver, é que eu na miña vida priorizo, e paréceme asuntos sociais unha concellería moi importante, a máis importante do Concello para min, hai moita xente necesitada e aí non pode haber unha persoa con catro horas, aí ten que haber unha persoa con vinte, igual que urbanismo, hai moito que facer aquí no Concello que está todo un desastre, e se o señor Alcalde non ten exclusiva, é normal que o Tenente Alcalde estea aquí, entón eu non poño en dúbida que esas tres persoas fagan falta, eu porque digo de medias xornadas para reducir custes nada máis, a min iso non me vale de traballar máis



horas, porque eu vou traballar moitas. Agora está aprobado porque se aprobou no punto anterior entón non imos seguir aquí debatendo o que espero é que non me defrauden, se isto non sae adiante eu vou a estar moi encima para que isto traballen de verdade, o único obxectivo é traballar, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, quenda de palabra. ¿Alguén quere tomar a quenda de palabra?. Ninguén máis. Sométese a votación esta moción de Democracia Ourensana, votos a favor, votos en contra, abstencións, a moción queda rexeitada.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitado cos votos en contra do PSOE e do BNG, os votos a favor de Democracia Ourensana e as abstencións do Partido Popular e Grupo Mixto o seguinte acordo: “ **Rexeitamento da Moción do partido Democracia Ourensana de Barbadás para a reducións das adicacións exclusivas dos Concelleiros**”

12- MOCIÓN DO PARTIDO DEMOCRACIA OURENSANA DE BARBADÁS PARA OS DESBROCES DE CAMIÑOS E FINCAS DO CONCELLO.

O sr. Alcalde toma a palabra: Hai unha segunda moción de urxencia que xa se someteu a consideración que fai referencia ós desbroces de camiños e fincas do Concello. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Democracia Ourensana considera algo de suma urxencia por a época estival na que estamos de perigo de incendio, podendo causar danos humanos e materiais,

Coñecendo esta necesidade, plantexamos a seguinte **MOCIÓN:**

1ª Mandar aviso con bandos ós vecinos propietarios das fincas próximas ás vivendas e núcleos urbanos dos desbroces das súas fincas.

2ª Mirar distinta subvención da Xunta o Deputación para contratar cuadrillas de limpeza e desbroces.

3ª Mirar con que maquinaria contamos no Concello para realizar estes traballos.

4ª Aquelas fincas que queden sen desbrozar polos propietarios das mesmas, que se proceda a facelo por parte do Concello, pasando a pertinente factura co importe do IBI os distintos propietarios.

5ª O Concello ten que encargarse de desbrozar todos os camiños públicos do Concello, así como as marxes dos ríos e regatos

A sra. Varelas toma a palabra: Esta moción basicamente o que quero é que o equipo de goberno e



que faga cumprir a Lei, hai unha Lei 7/2012 do 28 de xuño de montes de Galicia, no que o Concello ten que desbrozar tódolos camiños públicos, e ten que comunicar mediante bandos ós pobos, ós veciños, o cal hai quince días para que desbrocen as fincas, para que se non o fan obviamente os veciños, ten que facelo o Concello e pasar o cargo no recibo do IBI, por que, porque hai moitos veciños que se achegan a min e preocúpalle isto porque non hai un só pobo do Concello que estea limpo, pero xa non falo tanto de limpeza, senón que é un perigo que temos casas ó lado de fincas cheas de silvas, e cando veña un incendio como vamos facer cando ardan casas ou morran persoas que iso si é o grave, entón insto ó Goberno a que se faga con carácter de urxencia os desbroces dos camiños e que mande bandos. Agora estamos en perigo, ou sexa en época máxima de perigo polo tanto se se fan agora os desbroces que saibades que tédelos que facer antes das doce da mañá, porque senón o revés podemos provocar un incendio. E tamén quería saber con que maquinaria conta o Concello, porque oín dicir que había un tractor, pois ese tractor por que está parado, ese tractor pode estar funcionando cun operario limpando o Concello, eu téño entendido, é unha pregunta que lle fago ó Goberno. E hai outra cousas, os desbroces infórmovos se fan do mes de febreiro ó mes de abril de cada ano, a Xunta dá subvencións entón agora mesmo non hai ningunha subvención iso foi o que me dixeron a min en incendios, non hai ningunha, pídvos por favor que para o ano que ven, que as pidades porque non é cuestión de deixar as cousas mal e tirar co diñeiro, entón quero que se faga isto rápido, e despois xa para o ano que ven que pidades axudas obviamente.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto.

O sr. Padrón toma a palabra: Dende o Grupo Mixto estamos de acordo en toda a moción e esperamos a resposta do Goberno.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro ou voceira do Grupo Nacionalista BNG.

O sr. Núñez toma a palabra: Dende o BNG valoramos moi positivamente a presentación desta moción que presenta a señora Varelas de Democracia Ourensana porque se refire efectivamente a un asunto no que nós sempre efectivamente tivemos moita preocupación e pretendemos poder facer un traballo efectivo para protexer as casas, as aldeas, os núcleos de poboación, e que a xente poda vivir tranquila en época estival. En relación co punto primeiro que plantexades na moción dicir que neste Concello efectivamente nunca se cumpriu cas obrigas da Lei 3/2007 de prevención de incendios forestais de Galicia que establece que no artigo 7, establece unha serie de responsabilidades de plans municipais de prevención en defensa contra incendios forestais, integralos en plans de emerxencias municipais, aquí isto non se fixo nada nin nunca, é dicir, aquí o único que se fixo foron pequenas, aquí



non existe ningún plan municipal de prevención, e o que se fixeron son pequenas actuacións onde procedía, onde lle parecía ben á persoa responsable en cada caso, entón, dicir que no punto primeiro efectivamente é correcto, pois procederá a colocar bandos informativos para que todas as persoas pois coñezan das súas obrigas en relación cos montes que saiban que nos cincuenta metros contiguos ás casas pois non pode haber, ten facer labores de silvicultura, que nos primeiros trinta non pode haber especies pirófitas, digamos piñeiros, mimosas, eucaliptos, de acordo. Con relación ao punto segundo, dicir que con respecto ás subvencións que solicitudes da Xunta, pois dicir que este ano efectivamente chegouse xa tarde para a solicitude, e a intención entendo que ten que ser para próximos anos pois facer unha planificación da prevención de incendios baseada tanto na realización de traballos de silvicultura preventiva como ben dis nos meses pertinentes da primavera que é cando hai que facelo, e mesmo con medios propios e pedindo para tal fin as subvencións que poñan a disposición as distintas administracións. Por outro lado entendemos que esta medida, en medida das nosas posibilidades poder incidir nunha planificación preventiva no espazo forestal para que sexa máis produtivo e que diminúa o risco de incendios. En relación ó punto tres, dicir que efectivamente contamos evidentemente con medios propios coma un tractor desbrozadora para facer esta limpeza de titularidade municipal que supoñan un risco. En relación ó punto catro onde falades do tema do IBI, pois evidentemente é un punto que non podemos estar moi de acordo porque temos que pensar que efectivamente hai que seguir o procedemento que estipula a Lei e que se debe facer, é dicir, e entendemos que non imos pois poder facer fronte, cobrarlle ós propietarios no caso de que non paguen meténdoo no recibo do IBI xa que isto grava nun feito moi concreto, e o que prevé a Lei é trasladarlle a factura en caso de que non pague ou sexa un descoñecido quedará gravada esta propiedade ata a venda ou ata que se produza unha transacción, pois polo tanto entendemos que efectivamente non é un punto que poidamos digamos asumir, polo tanto podemos dicir que podemos estar en definitiva a favor do sentido global da moción con estas salvidades no punto dous e no punto catro.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira do Grupo Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: Dicir que no que respecta á limpeza de predios que é un dos aspectos nos que se centra a moción, calquera veciño que se sinta afectado pola existencia de maleza ó redor da súa vivenda pode cubrir este impreso no Concello, e explícolle un pouco o procedemento, o afectado que teña unha vivenda, e ten que ser legal a vivenda, ten que presentar ou pode presentar unha solicitude para que se limpe, o seguinte paso é enviar ó lugar á Policía Local para que se elabore un informe no que consten os predios afectados, aínda que denuncie un veciño poden estar varios



predios afectados, e isto ínstase a todos os veciños que teñan unha propiedade ó redor da vivenda, e a Policía Local verifica se hai maleza e se hai perigo de incendio evidentemente. O seguinte paso sería enviar ós propietarios cuxas fincas teñan maleza un requirimento, se envía dende o Concello e outórgase como ben dicía a compañeira Fina Varelas, un prazo de quince días naturais para que procedan a limpeza e desbroce, o seguinte paso sería presentar un escrito no Concello, indicar que si o fixeron e despois volvería a ir a Policía Local ó lugar para comprobar se se cumpriu o requirimento, en caso de non ter procedido ó desbroce o expediente completo remítese a Medio rural para que proceda a poñer as correspondentes sancións, este é o sistema que se está seguindo, a Lei evidentemente recolle outras posibilidades como serían a execución subsidiaria, que é o Concello limpa o predio e pasa a factura ós propietarios, isto supón un custe para o Concello e de dubidoso cobro e implica un pleito con conseguintes gastos, e a opción segunda sería a execución forzosa, multas coercitivas a partir dos mil euros, teño entendido, ata que se execute. Isto non se está facendo, xa lle digo, porque é moi complicado de facer tería un custo para o Concello, pero efectivamente estudárase, o que se está facendo é que se remite todo o expediente a Medio rural, normalmente ó longo do ano non adoita haber máis de cincuenta expedientes relacionados con este tema, aínda que ó mellor agora se nós aceptamos o punto que propón a voceira de Democracia Ourensana, ó mellor dando máis información os veciños saben que teñen a oportunidade de facelo, ó mellor existe unha possibilidade de mellorar a información á veciñanza, agora mesmo coméntanme no servizo de urbanismo que hai unha media de vinte peticións neste sentido. Eu dígolle que ten que cumprimentar unha solicitude, o trámite é sinxelo, o veciño non ten que facer nada, só ten que vir aquí ó Concello e identificar, non, non ten que pagar nada, como vai ter que pagar, normalmente resólvese coa limpeza, case todos os expedientes, e non é necesario nin envialo a Medio rural para que imponha as multas coercitivas, os expedientes que se presentan aquí, a instancia do solicitante, do afectado, hai que seguir un procedemento.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a quenda de palabra a señora Chelo Vispo.

A sra. Vispo toma a palabra: Estamos de acordo coa moción de Democracia Ourensana, e vámoslle votar a favor porque cremos que é ben para todos os veciños, só dicirlle o señor Xarín que segue vivindo no pasado, que isto xa o facíamos nas outras lexislaturas, que tiñamos brigadas contra incendios, pois se non o sabía, e a dona Victoria que efectivamente todos estes trámites xa se facían anteriormente, e como vostede sabe en urbanismo déronlle os datos, pois sobre corenta, vinte, andábamos por aí en accións que o Concello anteriormente facía cos veciños.



O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten Serafina Varelas a quenda de palabra.

A sra. Varelas toma a palabra: Só contestarlle á señora Victoria que parece que non vive no Concello, ou non se quere enterar un pouquiño, e agora si vou ser un pouco mala. Mire eu vivo en Loiro e levo anos pagando o desbroce do veciño do lado, ¿sabe?, o señor veciño do lado, ten máis diñeiro ca min, pero se non quero que a miña casa arda, téño que pagar do meu peto, coma min tódolos veciños, hai outra persoa que vive en Loiro que non só desbroza as súas fincas, desbroza a de seis ou sete propietarios, a xente non ven aquí a perder o tempo, porque vostede fálame dunhas retóricas pides, non pide, mire hai unha cousa moi sinxela o exemplo témolo que dar os políticos, temos que empezar a desbrozar os camiños, temos que empezar a ensinar ó pobo que ter as fincas cheas de silvas pode morrer xente, parécelle que a vostede non lle importa iso, só se hai diñeiro, vamos a ver estamos falando de vidas humanas e de casas, entérese un pouco, é que aquí todo se basea en vámolos estudar, isto non é cuestión de estudar, cando haxa un incendio, que vai dicir vostede, vaille dicir a un pai de familia se lle morre o seu fillo, ou un animal mesmo da casa, e que eu estaba no estudo, estábao estudando, vamos a ver Victoria, entérate un pouquiño, ven a Loiro, invítote a que veñas ó meu pobo que pertence a Barbadás e que vexas como está iso, é vergoñento, así que non me veñas con tontadas. En canto ó señor Xarín, vamos a ver eu no punto dous estoulle dicindo que neste momento non hai subvencións é obvio, non é o momento realmente de desbrozar, é perigoso, pero máis perigoso é ter as cousas como as teño, e eu o único que lle quero dicir ó Goberno que para o ano que ben, cando toque, que as pidades, que non perdades o tempo, que as pidades, porque isto é ben para todos. E en canto ó punto catro que vostede non o entendía, vamos a ver, a Lei, efectivamente esta Lei foi 3/2007, pero houbo unha modificación desta Lei 7/2012, onde di que o Concello, é o obrigado, é o que leva a competencia para obrigar ós veciños a facer isto, entende, e se un veciño non o fai, a única forma é cargarlle no recibo do IBI, eu non quero que á xente se lle multe, quero ensinala, e temos que ensinalos nós, vostede enténdeo, temos que ensinalos nós, como van a facer as cousas, é certo mire, e agora a alusións co PP, vamos a ver señora Chelo, ata agora non se estaba facendo, aquí non vamos a dicir que vostedes o estaban facendo ben, porque é mentira, porque eu levo anos pagando do meu peto, e se o PP o fixera eu non ía pagar diñeiro do meu peto, entón, vou rematando, eu toda a sesión fun moi cortiña, e isto preocúpame moito. Entón non digamos que isto se estivo facendo ben, só se fixo ben entorno ó 2008 que veu un tractor por Loiro que eu recordo, porque no ano 2007 ardeu case toda Galicia, por iso saíu esta Lei, pero non imos estar mirando para atrás imos mirar para adiante, por favor pídvos que pensedes nas persoas, e que isto é de carácter urxente e necesario, a



parte tedes que cumprir a Lei non vos queda outra. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Algunha quenda de palabra, si, o voceiro do Grupo Nacionalista.

O sr. Núñez toma a palabra: Efectivamente para responder á señora Fina Varelas, efectivamente para o ano que ven evidentemente estamos na obriga de solicitar como che dixen antes tódalas subvencións que sexan precisas para pór en marcha estas medidas. E eu efectivamente sigo pensando que tanto o dous coma catro, é dicir, non os entendo como, non podo aceptar eses dous puntos porque vólvoche a repetir non procede incluír ese cobro no recibo do IBI que non é para ese tipo de cuestións. E xa digo que en definitiva a moción me parece correcta porque foi o que sempre defendemos nós tamén, como BNG, é dicir, sempre estivemos a favor deste tipo de cuestións de facer limpas e de manter os sistemas de prevención como é debido, algo que o Partido Popular nunca fixo, di a representante a señora Vispo Seara que efectivamente xa había brigadas, vostedes dende o Goberno da Xunta o que se encargaron foi efectivamente foi de destrozarmos todo un sistema de prevención e de extinción de incendios que puxera en marcha o Goberno de coalición PSOE-BNG, que era un sistema efectivamente profesionalizado, que pretendía evidentemente a anulación e a eliminación das brigadas municipais que poden servir evidentemente para outro tipo de cuestións pero non para extinguir un incendio con prontitude iso é algo que nese camiño se ía co PLADIGA e con todos os sistemas que estaban poñendo en marcha o anterior goberno e que vostedes se encargaron efectivamente de destrozarmos porque non lles interesa a prevención absolutamente nada.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, a voceira do Grupo Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: Evidentemente nós imos facer as cousas de outra maneira, estámolo facendo doutra maneira, na actualidade hai subvencións que se están tramitando, estanse facendo os trámites como hai que facelos evidentemente, dando unhas coordenadas, unhas referencias catastrais, desbrozar onde hai que desbrozar, estamos agora mesmo o compañeiro Fírvida pode informar despois que estamos tramitando subvencións nese sentido, desbroces de camiños, están facendo con medios propios o Concello, que ten un tractor desbrozadora e ten varias máquinas desbrozadoras, xa lle diremos o número exacto que temos. Vostede fáleme de que o Concello ten a obriga, a obriga do Concello comeza no momento en que vostedes teñen, calquera veciño a posibilidade de presentar un escrito, non sei se vostede o fixo algunha vez, ten esa posibilidade, se vostede decide contratar a unha persoa que lle desbroce a súa finca, a finca do veciño, primeiro ten que pasar o trámite burocrático, é que isto é así, funciona así, non o inventei eu, inventouno a Lei esa.



O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. ¿a voceira do Grupo Popular?

A sra. Vispo toma a palabra: Por alusións. O Grupo Popular vai votar a favor, pero por alusións estou de acordo con Victoria, primeiro hai que cubrir uns papeis para que vaian a desbrozar a finca, non é que o Partido Popular o fixera mal nese momento, senón, que se non cumpres os requisitos esixidos non se pode ir a desbrozar.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu o único que quero é que a xente se conciencie disto, non é cuestión de facerlle gastar diñeiro ó Concello, simplemente que o Concello ten que demostrarlle ós veciños que isto cambiou e que temos que mirar por todo, nada máis, é así de sinxelo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a quenda de palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Que a idea deste Grupo de Goberno é que no futuro acudir a todas as subvencións que veñan da Xunta de Galiza como da Deputación Provincial para a limpeza dos núcleos rurais e do monte do noso Concello, dende logo cando saian acadiremos a todas as subvencións que poidamos, e tamén poremos todos os medios do Concello a disposición dos veciños para facer estas limpas das que se fala na súa moción, agora ben, dous apartados do punto que vostede recolle na moción non son asumibles por este Grupo de Goberno, un deles porque iría en contra da lexislación que sería aplicar as multas a capacidade coercitiva do Concello sobre o recibo do IBI, e a outra é que agora mesmo, neste momento non hai posibilidade de acceder a ningún tipo de subvención, non Fina, desculpa, non dixeran iso dixeran, non hai posibilidade porque non hai subvencións agora, chegamos tarde, levamos un mes aquí, non se solicitaron por parte do Grupo de Goberno anterior.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Sométese a votación esta moción de Democracia Ourensana, votos a favor, abstencións, votos en contra. Está aceptada a moción, queda aprobada a moción.

Sen máis sométese a votación resultando aprobada cos votos en contra do Partido Socialista e do BNG e os votos a favor do Partido Popular, Democracia Ourensana e do Grupo Mixto o seguinte acordo: “ Moción do Partido Democracia Ourensana de Barbadás para os desbroces de camiños e fincas do Concello: 1ª Mandar aviso con bandos ós veciños propietarios das fincas próximas ás vivendas e núcleos urbanos dos desbroces das súas fincas.

2ª Mirar distintas subvención da Xunta o Deputación para contratar cuadrillas de limpeza e desbroces.



3º Mirar con que maquinaria contamos no Concello para realizar estes traballos.

4º Aquelas fincas que queden sen desbrozar polos propietarios das mesmas, que se proceda a facelo por parte do Concello, pasando a pertinente factura co importe do IBI os distintos propietarios.

5º O Concello ten que encargarse de desbrozar todos os camiños públicos do Concello, así como as marxes dos ríos e regatos.”

O Sr. Alcalde toma a palabra: Hai un punto fóra da orde do día que entrou por urxencia que é o cambio da Xunta directiva do Club de Escolas deportivas do Concello de Barbadás, o Presidente pasaría a ser Adrián Varela Vázquez, o Secretario Daniel Andrade Pereira, o Tesoureiro Pablo Campelo García e os Vogais Antonio Vázquez Valado e Diego López González. Sométese a votación a urxencia desa toma de consideración. Votos a favor da urxencia.

A sra. Secretaria toma a palabra: Temos que facer un cambio na Xunta directiva do club de Escolas municipais deportivas do Concello de Barbadás por razóns obvias, como son que a Presidente anterior era a Concelleira de deportes, entón temos que votalo, porque o Concello Pleno actúa como se fose a asemblea xeral, entón temos que pasar por Pleno e procedemos á votación da nova Xunta directiva que a única remoción que ten é a do Presidente, e logo o Presidente elixirá á Xunta directiva que estime conveniente, polo tanto é a remoción no cargo de Presidente

O sr. Alcalde toma a palabra: O primeiro que temos que facer é votar a toma de consideración co carácter de urxencia, votos a favor da urxencia.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte:

“Aprobación da urxencia para o nomeamento de Presidente do Club Escolas Deportivas do Concello de Barbadás”.

12- NOMEAMENTO DE PRESIDENTE DO CLUB ESCOLAS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE BARBADÁS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor da Xunta directiva que mencionei antes Presidente Adrián Varela Vázquez, cambio de Presidente exclusivamente, señor Presidente Adrián Varela Vázquez, votos a favor. Queda aprobada.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Nomeamento de Presidente do Club Escolas deportivas do Concello de Barbadás, D.



Adrián Varela Vázquez”

13- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día é Dación de contas de Resolucións de Alcaldía, vostedes todos teñen documentación, nada máis..

14- ROGOS E PREGUNAS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Finalmente quedan rogos e preguntas. Algún rogo, algunha pregunta, vai por orden de menor a maior, o primeiro e tomar a palabra, ou a primeira.

O sr. Padrón toma a palabra: A pregunta é en relación o que falaba antes, que ten pensado facer o Grupo de Goberno para solucionar o tema dos certificados que se veñen a solicitar ó Concello, para se nalgún momento non está presente nin o Tenente de Alcalde nin o Alcalde que esa persoa poda levar o certificado, se hai algunha posibilidade legal de que outra persoa firme, é unha pregunta.

O sr. Fírvida toma a palabra: Estamos estudando ese tema, é a información que temos é que agora mesmo non podemos delegar en ningunha persoa do Concello a sinatura do Alcalde nin do Tenente Alcalde para firmar estes certificados.

A sr. Secretaria toma a palabra: Non cabe a posibilidade de delegación da firma de Alcalde en alguén que non sexa Alcalde ou Tenente Alcalde, entón como a ten delegada o Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Entón non podemos delegar agora mesmo en ninguén en todo caso teremos que facer unha RPT nova, unha RPT por certo porque non hai, unha RPT actualizada do ano 2015, teremos que facer unha RPT conforme ós traballadores que temos na actualidade e despois cando creemos xefaturas de servizos si que poderemos delegar en algún tipo de xefatura.

A sra. Secretaria toma a palabra: Perdón, pero é que iso é ilegal, non se pode substituír a sinatura do Alcalde por alguén que non sexa Alcalde ou Tenente de Alcalde, designado por escalafón e en caso de ausencia oficial, aquí temos delegada a firma de sinatura ordinaria que en caso de vacacións pasaría do Tenente Alcalde pasaría ou ben retornaría ó Alcalde ou pasaría ó segundo, ou terceiro, ou cuarto Tenente de Alcalde. Ben cabe estudar a posibilidade de delegar a sinatura de documentos administrativos ordinaria en máis dunha persoa, pero en ningún caso en ningún funcionario, nin eu mesma que teño a fe pública pode substituír a un cargo político, para nada, o Alcalde é o Alcalde ou o seu substituto.

O sr. Fírvida toma a palabra: En todo caso repito estamos estudando este tema porque por



exemplo en Ourense hai funcionarios que certifican algún tipo de documentación que piden as persoas nas dependencias municipais, entón se se fai en Ourense, eu non digo que sexan os certificados, senón, algún tipo de solicitude de comprobación de expedientes, o que se poida facer.

A sra. Secretaria toma a palabra: Os volantes de empadramento tamén se fan aquí, o que non se pode facer é o certificado, e por favor pídlle a nova Corporación que non tomen como referencia nin á Deputación Provincial nin ó Concello de Ourense porque son municipios de gran poboación e teñen unha lexislación diferente.

O sr. Alcalde toma a palabra: Algunha pregunta máis.

A sra. Varelas toma a palabra: Quería preguntar porque estes días estou vendo nos periódicos alusións ó centro de saúde co queredes parar de feito pedides seis ou sete meses para paralo, a miña pregunta é, ¿tedes algún sitio buscado?, porque para unha cousa sen ter sitio paréceme ridículo, e o outro día o PP, o xoves concretamente, fíxovos unhas preguntas con referencia a isto que aínda non llas contestastes, non tedes moita vergonza, facendo o que facedes, porque eu penso que ós políticos hai que contestarlle a todos cando se fan preguntas, entón, vós tedes cuantificado se parades o centro de saúde, canta indemnización lle vai saír ó Concello tédelo cuantificado, tedes buscado sitio, é que parar as cousas por que si, e quero aclarar unha cousa, vós levades na oposición como vós decidis hai oito anos, onde está esa oposición, protestades agora que estades no Goberno, hai que para isto, e onde estabades antes, e falades das firmas, das asociacións, por que non buscastes tres mil ou catro mil firmas para parar isto, porque volas podían dar, ou sexa, por iso mesmo non aprobou o punto de Xarín, porque palabrería barata. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Unha primeira cuestión en relación ó que comentou a señora Serafina Varelas, este grupo, este señor Alcalde, no seu momento voceiro do Grupo Socialista, o primeiro que fixo hai oito anos cando chegou a este Concello foi reunirse co señor Alcalde en relación con este asunto, e fílxolle unha proposta en relación a tres superficies que podían ser útiles para construír o centro de saúde, despois de moitos minutos de debate o señor ex Alcalde veu a recoñecer que tiña compromisos cons seus ex concelleiros, compromisos cos seus naquel momento concelleiros, para ubicar o centro de saúde aí, nese local, nesa superficie, non está presente, é certo, pero teño que dicilo, estou no uso da palabra señora Vispo, esa foi a conversa. Evidentemente os grupos da oposición loitaron en todo momento para a construción do centro de saúde, e neste momento estamos loitando para a construción do centro de saúde aquí pode falar máis o señor Tenente Alcalde. Moitas grazas.



O sr. Fírvida toma a palabra: Primeiro eu pediría á señora voceira de Democracia Ourensana que coide un pouco a súa linguaxe á hora de cualificarnos, pídlle por favor que coide a súa linguaxe á hora de cualificarnos é de pór adxectivos á nosa acción de goberno polo feito de non ter contestado unha pregunta cando vostede o pediu, por certo vostede aínda non pediu nada por escrito, é a primeira vez que fai referencia a esta pregunta quen o pediu foi o Partido Popular e está tamén no Regulamento de funcionamento dos Plenos deste Concello que temos a posibilidade de responder ás preguntas ou ben por escrito ou ben verbalmente no Pleno seguinte, polo tanto señora Fina léase primeiro o Regulamento antes de facer xuízos de valor sobre a acción de goberno, sobre as persoas que formamos parte deste Goberno, porque non lle vamos a consentir, verdade, que nos insulte cando estamos cumprindo estritamente o acordado nun regulamento que non é deste Grupo de Goberno, que é do grupo de goberno anterior, primeira cousa. Segunda cuestión, pregunta vostede polo centro de saúde, moi ben, nós non vamos paralizar o centro de saúde, se quere xa lle respondo conxuntamente coa pregunta que nos fan, pois nós non o vamos paralizar, primeiro por unha razón moi doada, non o podemos paralizar porque non é competencia municipal, é competencia da Xunta de Galicia, da Consellería de Sanidade, e da Dirección Xeral do Sergas, entón como cre vostede que este grupo de goberno pode facer algo sobre o que non ten competencias, entón, se lee vostede o que dixemos naquela rolda de prensa como grupo de goberno ou se vai ler mañá a nota de prensa que enviamos hoxe pola tarde, darase conta que dicimos exactamente o mesmo que estou dicindo eu agora. Primeiro non tivemos nunca coñecemento por parte da Dirección xeral do Sergas como estaba a fase de construción do novo centro de saúde, o venres de hai dúas semanas temos notificación telefónica, única e exclusivamente telefónica de que se ía facer o centro de saúde, de que estaba licitado, de que posiblemente xa estivera adxudicado, e que polo tanto que tiñamos que tomar unha decisión. Nós manifestamos publicamente porque o así o levamos mantendo dende hai moitísimos anos dende que estamos na oposición, por certo concordábamos Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, que eses solares non eran os máis acaídos para a construción do centro de saúde, pois ben resulta que neste Concello os únicos solares posibles para facer o centro de saúde son os que reservou o Partido Popular no planeamento do ano 2002, non reservou ningún outro, porque os terreos que máis cobizaban os construtores deixárono para especulación urbanística e aqueles que non vales para ningunha outra cousa adicáronse a servizos públicos, como agora está ben, agora temos a proba no centro de saúde que está nun sitio cun difícil acceso, con moita pendiente, e é certo que non é o mellor sitio que hai no Concello. Que fixemos nós nada máis entrar



pola porta deste Concello cando empezamos a gobernar, irnos a falar cos servizos de urbanismo a preguntar se había algunha posibilidade en todo o Concello de buscar, se había xa algún terreo para poder facer o centro de saúde noutro lugar, resposta do servizo de urbanismo, non hai, ou só cabe un cambio urbanístico que nos ía levar tempo, ou modificar o planeamento, ou facer unha expropiación, claro unha expropiación de terreos no rural, ou aquí nunha área de reparto, imaxínese vostede o custe que iso podía ter para o Concello de Barbadás, en todo caso, na intención de buscar uns terreos maiores, nós manifestámoslle á Consellería de sanidade a posibilidade de demorar. Entón, nós manifestamos á Xerencia do Sergas, que o 29 do seis nos di: “De conformidade co indicado telefonicamente por parte do Servizo galego de saúde estamos a disposición de levar a cabo a formalización das obras de construción do novo centro de saúde de A Valenzá-Barbadás, no prazo no que está programada a execución desta actuación é inicialmente once meses, estando prevista a posta de funcionamento do centro de saúde no próximo exercicio de acordo coa esixencia dos fondos con que se financia parte desta infraestrutura, en relación ó importe da licencia da obra, tal como se indicou no momento de solicitar a mesma o abono desta corresponderá á empresa adjudicataria ó incluírse tal concepto dentro dos custes da licitación; resposta do Grupo de Goberno deste Concello de Barbadás o luns día 29: “ En relación coa conversa telefónica mantida con esa Consellería o día 26 de xuño relativa á licitación e adjudicación de terreos para a construción do novo centro de saúde no lugar de A Valenzá deste Termo Municipal, tendo en conta que este Concello entende que o solar reservado no planeamento urbanístico non é o máis acaído para a construción do novo centro de saúde e que quere buscar uns terreos máis acordes para a situación e accesibilidade de dita construción para a veciñanza deste Concello, solicitamos nos comuniquen e confirmen que ditos trámites que este Concello pretende realizar, e que sufriran unha demora dalgúns meses, non suporán para o Concello de Barbadás a perda da licitación e adjudicación da obra por parte desa Consellería que actualmente ten asignadas para tal fin, coa manifestación de compromiso por parte deste Concello de realizar os trámites mencionados na maior brevidade posible, isto é exactamente o que transmitimos en rolda de prensa, que nós nos comprometíamos a buscar uns terreos mellores, coa condición de que non se perdesen os fondos adicados a este novo centro de saúde, non se perdesen o proxecto de obra, e a licitación, e que a construción non se demorase, tal é así que ó día seguinte, reitérolle, porque estamos chamando por teléfono constantemente e ninguén nos colle co teléfono, reitérolle o martes día 30 de xuño: En relación coa conversa telefónica mantida co xerente do Servizo galego de saúde o día 29 relativa á licitación e



adxudicación da obra de construción. Tendo en conta que a Xunta de Galicia a través da súa Conselleira de Sanidade o solar a que realiza a licitación e adxudicación da obra. Tendo en conta que a día de hoxe non temos coñecemento por escrito da situación de construción do novo centro de saúde, tendo en conta que a intención deste Goberno é buscar un novo emprazamento máis acaído para a construción dese centro de saúde. Tendo en conta que en todo caso este Goberno quere garantir a permanencia do compromiso da Xunta de Galicia e da Consellería de Sanidade do investimento do novo centro de saúde de A Valenzá, ben sexa no solar actual ou en outro máis acaído, quedou claro, solicitamos nos comuniquen a situación actual da adxudicación e a licitación da construción do novo centro de saúde, así como a posibilidade de agardar e pór a disposición da Consellería un solar máis acaído para a construción sempre que se manteña o compromiso do investimento a realizar”, resposta do día 7 de xullo. Vostede me pide a min que dea explicacións de por que mandamos notas de prensa e cal é a postura deste Goberno, e llas estou dando, e vostede non as quere escoitar, eu de verdade que non entendo, non entendo que está intentando facer neste Pleno, non o entendo, porque se a min me piden explicacións eu dounas. Entón contestan hoxe: “Con data 2 de xullo recibimos no Servizo galego de saúde escrito do Tenente Alcalde dese Concello no que se manifesta opinión de que o solar reservado no Planeamento urbanístico e posto a disposición do Servizo galego de saúde non é o máis adecuado para a construción do novo centro de saúde no lugar de A Valenzá, posicionamento que de acordo co recollido nos medios de comunicación tamén foi trasladado a través de rolda de prensa (efectivamente), no mesmo escrito tamén se manifesta a intención de buscar outros terreos solicitando comunicación sobre se estes trámites suporían a perda da licitación que nestes momentos estase a tramitar. Ao respecto desta información debemos indicar que tal e como indicamos telefonicamente a través de correo electrónico por parte do Servizo galego de saúde estanse neste momento ultimando os trámites para a adxudicación da obra nos terreos cedidos por ese Concello e para o que se conta coa licenza municipal concedida pendente do abono das taxas por parte da empresa adxudicataria. Un cambio dos terreos onde se levará a cabo a construción do centro de saúde implicaría loxicamente un cambio do proxecto básico e de execución para adaptarse ós condicionantes da nova parcela, por iso tamén implicaría que os trámites de licitación levados a cabo ata o momento deberán paralizarse dado que as licitacións de obra que deben coñecer lévanse a cabo en base a un proxecto arquitectónico concreto, no que se refire á dispoñibilidade orzamentaria e a continuidade desta calquera resposta estará condicionada pola información que poida trasladarse dese Concello sobre cal sería o prazo para dispor dunha nova



parcela, no momento que se dispoña formalmente desta, e previa valoración do Servizo galego de saúde sobre a idoneidade da mesma para as necesidades funcionais definidas do novo centro de saúde, será necesario contratar e redactar un novo proxecto de execución de obra e posteriormente iniciar os trámites de licitación da mesma, é dicir, hoxe é o primeiro día que temos coñecemento desta resposta por parte do Sergas, hoxe é o primeiro día, como quere vostede que nós déramos explicacións antes de hoxe de algo do que descoñecíamos, primeira cuestión. Segunda cuestión o Sergas nunca dende o ano 2006 ó 2008 que se lle trasladou a propiedade do solar nunca presentou ningún reparo a facer aí o centro de saúde, e agora nos está dicindo que tomemos nós en consideración se é ou non é o solar acaído, outra cuestión máis, por iso, aínda pendente de que polo Concello se poda confirmar o prazo previsto para a cesión doutros terreos parece difícil que os fondos previstos para a contratación do proxecto actual que corresponden á anualidade de 2015 no programa operativo FEADER estean dispoñibles no momento que se poida volver a iniciar esta actuación, é dicir, que perderíamos posiblemente os fondos FEADER adicados ó centro de saúde de Barbadás, porque como tamén en entrevista que tivo o señor Alcalde co Delegado Provincial da Consellería se lle manifestou que sería moi difícil manter o financiamento da obra porque hai outros 18 centros de saúde en toda Galicia tamén nas mesmas condicións que A Valenzá agardando este financiamento para construír estes centros e que polo tanto posiblemente perdésemos o diñeiro para sempre, co cal se demoraría sine die a construción do mesmo. E última advertencia que nos fan que por certo non vamos a admitir ningún tipo de chantaxe, non estamos aquí para admitir chantaxe, nin para comulgar con rodas de muíño, “queda finalmente trasladar a ese Concello a valoración da forma na que se compensaría ó Servizo galego de saúde dos custos incorridos ata a data á que deberían volver asumirse a redacción de proxectos, supervisión, no caso de que deban paralizar as actuacións, é dicir, que nos cargarían a nós co custo da obra, enténdese facilitada co presente escrito a información solicitada formalmente por ese Concello e requirimos deste unha definición clara dos extremos, resposta que dimos nós hoxe a mañá.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non rematou aínda Serafina, está dando unhas explicacións absolutamente claras a un problema que demanda a veciñanza do noso Concello, e vostede no seu programa creo lembrar, levaba entre outros puntos o cambio da ubicación do centro de saúde, e polo tanto creo é un problema que afecta a todos os veciños e veciñas deste Concello e polo tanto estamos na obriga, insisto estamos na obriga de clarexar esta situación definitivamente para todos e non paralizar para nada a construción do centro de saúde, deixalo claro para todos. Cando el remate si.



O sr. Fírvida toma a palabra: Estimado señor Xerente do Servizo de saúde con data 6 de xullo recibimos no Concello de Barbadás (en realidade entrou hoxe, o día 7), escrito do Servizo galego de saúde no que se manifesta que nestes momentos se están ultimando os trámites, adxudicación do novo centro de saúde nos terreos cedidos por este Concello, e que conta coa licenza municipal concedida e pendente do abono das taxas pola empresa adxudicataria, no mesmo escrito comunícase que a construción do centro noutros terreos implicaría un cambio do proxecto básico e de execución, e que implicaría que os trámites de licitación levados a cabo ata o momento deberían paralizarse. Como ben sabe o Concello de Barbadás non ten competencias en canto a licitación e adxudicación do proxecto de obra, o Concello de Barbadás fixo a cesión dos terreos para a construción do novo centro de saúde, polo anteriormente exposto consideramos que é unicamente responsabilidade e competencia do Servizo galego de saúde e da Consellería de Sanidade a licitación, adxudicación e realización do proxecto de obra, quedamos á súa disposición. Quedoulle claro de todo isto vai ter vostede copia, igual que o Partido Popular, porque vostede me está preguntando verbalmente, o Partido Popular fíxoo por escrito, e nós estamos dando debida resposta aos seus requirimentos, van ter resposta por escrito con fotocopias de toda esta documentación, eu creo que levamos feito máis trámites nós en quince días que fixo o Partido Popular en quince anos, máis trámites, porque ata agora o que sabiamos do Partido Popular era absolutamente obscurantismo, nunca se nos comunicou no Pleno cales eran as tramitacións que se levaban a cabo, e cada vez que falábamos de que os terreos non eran os acaídos, miraban para outro lado e dicían que eran os únicos que habían no planeamento.

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa rematou, pode tomar a palabra.

A sra. Varelas toma a palabra: Mire, vamos o grao porque aquí me parece que estamos polos cerros de Úbeda, vamos a ver primeira cuestión, eu non chantaxeo a ningún goberno.

O sr. Alcalde toma a palabra: Interpretou mal.

A sra. Varelas toma a palabra: Segunda cousa non insultei a ninguén, vostede non creo que sexa consciente de todo o que tivo toda a tarde, coa voz súper alta e iso non lle vai dar máis a razón, e a vostede non lle gusta que o ataquen, pero ós do PP ben que os ataca, entón aguante un pouquiño cando a vostede non lle van as cousas como quere entende, e o que eu non entendo neste caso non falo do PSOE, en concreto de vostede, gústalle dar moitos comunicados de prensa e o día seguinte desdecirse. Mire, a forma de traballar dunha persoa é primeiro ve un problema inténtao resolver e despois comunícallo ó pobo, porque vostede o único que fixo é vamos a parar o centro de saúde, e



agora está dicindo que ó mellor non se pode parar, vamos a ver, vostede traballe e despois cando teña os resultados comuníqueos á prensa, non ande vendendo palabrería barata porque vostede fala polos cóbados e abúrreme, perdóme e dígollo, a min abúrreme, paréceme un charlatán de feira, gústalle o galego, pois a feira existe. Eu téñolle respecto pero cando mo perden a min tamén podo ser un pouco borde.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu penso

A sra. Varelas toma a palabra: Non, perdón, señor Alcalde.

O sr. Alcalde toma a palabra: O señor Alcalde é o que modera a sesión non sei se o sabe.

A sra. Varelas toma a palabra: Claro e vostede párame a min cando quere

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, eu voulle deixar proseguir, simplemente digo que este señor non insultou a ninguén e vostede estalle faltando ó respecto, dito isto prosiga coa súa intervención.

A sra. Varelas toma a palabra: Perdón, debater cunha persoa en ton alto tamén é faltar ó respecto, e el lévao facendo aquí na sala toda a tarde,

O sr. Alcalde toma a palabra: As palabras son as que faltan ó respecto, Serafina son eu o que modera a sesión e estou no uso da palabra. Eu pídolle por favor simplemente que non utilizemos palabras mal soantes que debatamos politicamente, correctamente e nada máis, el aquí está utilizando uns argumentos, utilícese uns argumentos como resposta, nada máis.

A sra. Varelas toma a palabra: É que eu estou utilizando os meus argumentos e el non o sabe utilizar porque el, vamos a ver, eu estiven aquí toda a tarde, non sei ó mellor vostede estaba noutro lado, eu estiven aquí toda a tarde e este señor con voz chillando atacando ó PP cando eu levo dicindo aquí non hai que atacar ó PP hai que traballar. Perdoe vostedes cando queren sacan o tema para onde queren, perdoe mire, vostede é un exemplo quérolle tomar pero non me veña a min poñéndome unhas normas que vostedes sáltana todos, é que parece que me está tomando o pelo. Vostede como ben mo recordou e eu teño memoria sei que ía no meu programa e a min o centro de saúde nesa ubicación sempre dixen que era nefasta, porque a calquera persoa cústalle subir por alí, da igual que sexan novos que maiores, o único que eu reclamo é que nos manden comunicados absurdos para enganar ó pobo e votarse flores, traballen e demostren non o contrario por favor, e eu voulle a recriminar unha e mil veces, e vanme ter que aguantar en tódolos Plenos porque cada vez que vostedes fagan unha tontería destas voullo dicir. Tamén quero aclarar unha cousa non me vou opoñer por sistema a ningún partido, téñovolo dito a todos, todas as medidas boas que sexan para os veciños, eu vounas a aprobar, pero non quero palabrerías, charlatanes, quero ir ó grao, aquí non



estamos para estar sete horas dicindo tontadas, non hai máis nada que dicir, grazas.

O sr. Fírvida toma a palabra: Mire voulle dicir unha cousa, non lle vou consentir que nos insulte, así que isto de charlatán de feira voulle pedir que o retire, porque non lle vou consentir neste Pleno que veña aquí a insultar gratuitamente a ningunha persoa, pode ser que tivera un ton de voz alto en algunha intervención, pode ser, tamén intentarei en futuras intervencións non facer o mesmo, e retraerme un pouco e ter intervencións máis calmadas, seguramente foi motivo da tensión deste Pleno e de ter que escoitar, ¿verdade?, despois de levar oito anos na oposición como persoas que non fixeron absolutamente nada e deixaron este Concello na situación en que o deixaron, ter que escoitar como dicían antes leccións de moral e de ética, por iso se cadra era o motivo da nosa crispación, pero mire, non lle vou a consentir insultos nin a vostede nin a ninguén, e eu creo que ademais en toda a tarde non insultei nunca a ninguén, pídolle por favor que retire os insultos. Segunda cuestión, os comunicados non son absurdos, os comunicados son comunicados e nós temos que desenvolver unha acción de goberno, e dentro da acción de goberno está a de informar á cidadanía, a vostede pareceríalle ben señora Fina que todo isto que lle acabo de comentar o fixéramos de costas á cidadanía sen informar absolutamente a ninguén dos pasos que vamos dando e cal era a postura deste Goberno Municipal, a vostede pareceríalle ben que a medida que recibiamos chamadas telefónicas, comunicados do Sergas, nós nos gardásemos esa información para consumo interno sen informar ós cidadáns de que é o que pretendemos facer co novo centro de saúde, e como se atopa a situación, vostede cree que a Consellería de Sanidade e o Sergas ía facer algún comunicado explicándolle ós veciños de Barbadás como estaba a licitación e adxudicación do centro de saúde senón o facemos nós, vostede o pensa, vostede cree que a acción levada a cabo por este Grupo de Goberno de primeiro solicitar información, segundo pedir unha demora na construción para buscar uns novos terreos, terceiro visto que non hai posibilidade de paralizar esa obra, porque a Consellería non se compromete nin a gardarnos financiamento, nin licitación, nin obra, nin adxudicación, e que nos íamos a quedar sen centro de saúde para todos os tempos, que nós dicimos que non é competencia nosa a esa adxudicación e licitación como tampouco é competencia deste grupo de goberno senón do grupo de goberno anterior do Partido Popular, da Xunta de Galicia, da Consellería de Sanidade que admitiron eses terreos como bos, non nós, e agora vostede quere culparnos a nós, quere facernos a nós cómplices, quere que sexamos nós os cabezas de turcos, que asumamos por exemplo paralizar ese centro e que non se faga ese centro de saúde e que non se faga nunca máis en Barbadás, quere vostede que nós oitos tomemos esa decisión. Mire nós non a vamos tomar, primeiro



por responsabilidade e segundo por coherencia, porque a veciñanza deste Concello necesita un novo centro de saúde, porque os médicos que están facendo servizos no actual centro non hai moito tempo queixábanse todos eles, queixábanse publicamente de que as condicións do centro actual son absolutamente nefastas, entón a nosa responsabilidade é garantir un novo centro de saúde, e visto que non se pode facer noutro sitio, e visto que Xunta non pode agardar a que busquemos un novo solar, o que facemos é dicirlles fagan vostedes o que é competencia de vostedes que nós xa faremos o noso traballo e xa facilitaremos o acceso tanto rodado como a pé da veciñanza a ese centro de saúde, porque vamos facer todo o posible para facilitar o acceso, a accesibilidade a ese centro de saúde se finalmente se fai aí. Por certo, se se fai aí é porque o decide a Xunta de Galicia, non porque o decidamos nós, ¿quedou claro?

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Algunha pregunta máis.

A sra. Vispo toma a palabra: É en relación ó centro de saúde. Vamos a ver, nós o día, para que a veciñanza o saiba, o día 29 de xuño presentámos unhas preguntas ó señor Alcalde para que nos contestara, na Comisión Informativa do xoves preguntámoslle por isto, e efectivamente están amparados pola Lei, teñen que contestar en cinco días ás nosas preguntas ou ben no Pleno seguinte. Eles contestáronnos hoxe pero creo que toda a veciñanza debe saber que o día 27 de febreiro no DOG foi comunicada a licitación, se vostedes non o sabían.

O sr. Alcalde toma a palabra: Sabíamos

A sra. Vispo toma a palabra: Pois acaban de dicir que non tiñan comunicación ningunha, dixo que era todo obscurantismo, si ou non, e non é obscurantismo o DOG está publicado. Vamos a ver durante quince días que levan vostedes ou tres semanas traballando, vostedes intentaron cambiar a situación do centro de saúde, si tiveron conversacións co Sergas, co Delegado da Xunta, porque sabemos, o Partido Popular sabemos, sabemos a contestación que tiveron, sabían que por parte de urbanismo dicíanlle que se perdían os fondos europeos, entón vostedes están, ou sexa en seis meses non podían pór a disposición outro terreo porque sabían que non se podían manter eses fondos, tiñamos que ter ese centro de saúde, vostedes saíron á palestra como di dona Fina dicindo que ían intentar cambiar o centro de saúde cando sabían perfectamente que non podían, vós estades vendendo fume á veciñanza e non se pode, ten que ser sempre con escritos do Sergas, con preguntas, e que nós estamos detrás e que se vai facer o centro de saúde e porque estades pillados, porque non podeis votalo atrás.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señora Chelo Vispo, agora vou falar eu. En primeiro lugar nós



estamos intentando cumprir co noso programa electoral no que se indicaba que loitaríamos por unha mellor ubicación do centro de saúde, ese é o primeiro compromiso que temos nós ca nosa veciñanza, que entre os dous partidos sumamos oito concelleiros, e nós levábamos ese punto no programa electoral ademais de levalo outros partidos e outros grupos municipais que estaban aquí representados, os únicos que non levaban ese punto no seu programa electoral eran vostedes o cambio da ubicación do centro de saúde, polo tanto, nós o que estamos intentando é dar satisfacción a unha demanda dos veciños e veciñas do noso Concello e que ademais o plasmaron no programa electoral, porque entre os catro grupos municipais que están aquí representados que apostaban por un cambio de ubicación do centro de saúde sumamos moitísimos votos, como case o 70% dos votos, polo tanto, estamos asumindo e arrogándonos unha representación dos veciños e veciñas deste Concello, ese é o primeiro punto. Segunda cuestión fala vostede do financiamento, aquí téñolle que lembrar que este concelleiro cando era concelleiro voceiro do Partido Socialista lle preguntou ó señor ex Alcalde, se podía garantir que ese financiamento en caso de que non se fixera o centro de saúde dentro dos prazos establecidos se perdía, e dixo penso que non, e tamén me remito ás actas, dicía penso que non, un Alcalde que leva 28 anos gobernando este Concello e argumenta é di despois de 28 anos pensa que non, que uns fondos da Unión Europea pensan que non se perden, é un pouco incompetente, dende logo, é un pouco incompetente, porque sabe perfectamente que os perdían. Ben, nós temos que cumprir cun requisito que é o de ter toda esta documentación por escrito, e iso é o que estamos facendo, e eu persoalmente como Alcalde evidentemente que é a miña obriga, funme reunir a semana pasada co señor Rogelio, Delegado da Xunta de Galicia, e el recoñeceunos a imposibilidade probablemente de manter o financiamento para este asunto, polo tanto, nós agora o que estamos facendo é simplemente que a Xunta cumpra coa súa obriga que é a de construír o centro de saúde, nin máis nin menos, porque esa Xunta de Galicia, esa Consellería de Sanidade é quen ten a superficie, o solar no seu poder, nin máis nin menos, e aquí volvo dicir estamos cumprindo cunha obriga que nos transmitiron os veciños e veciñas de Barbadás, intentar reubicar o centro de saúde, porque ía no programa de todos os partidos menos no seu.

A sra. Vispo toma a palabra: Durante oito anos, xa non vou ir máis para atrás, durante oito anos xa puidestes buscar un solar, porque vós prometedes nun programa que ides ubicar, que ides cambiar o centro de saúde e sabíades perfectamente que non había ningún, porque o Partido Popular volo

O sr. Alcalde toma a palabra: Non señora

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos a ver, e por alusións o ex Alcalde, píddolle, como Fírvida lle



pediu á señora Fina Varelas que se retractase das súas palabras, eu pídollo a vostede, que o ex Alcalde non está aquí, e que non o volva a nomear, creo que é ético pola súa parte.

O sr. Alcalde toma a palabra: É a realidade o que dixen.

A sra. Vispo toma a palabra: Hai que demostralo primeiro non vale facer palabrería, non, aquí ó que estamos é para tirar para adiante, vostedes sabían perfectamente, e acaba de dicilo vostede, que vostede reuniuse co Delegado da Xunta, e el saíu nun comunicado de prensa dicindo que o ían a cambiar, cando vostede sabía que non se podía cambiar xa, si que o sabía, e teño constancia diso. Entón a veciñanza ten que saber a verdade cousa que vostedes o que fan é darlle a volta a todo que somos moi malos xestores, senón o saben nós tiñamos ata o 31 de decembro. A cidadanía ten que saber a verdade en todo momento, nós xestionamos durante 28 anos, tiñamos ata o 31 de decembro o presuposto e íamos seguir gobernando, senón o saben facer e soamente métenlle fume á cidadanía, váianse dunha vez, váianse que teñen a cadeira prestada, e sábeno porque aquí estamos tres grupos na oposición que os estamos mirando con lupa, e vamos a tomar as medidas que sexan necesarias para que isto se cumpra, estamos aquí, e traíamos todo isto con documentación por se hoxe sabíamos que non o podían facer, así foi, que teñen que facelo, o centro de saúde, porque a veciñanza necesita un centro de saúde, intentaron cambialo e perdíamos os fondos, perdíamos a ubicación, e sabían que en seis meses non se podían manter estes fondos e non se ía poder facer Fírvida, non me mires con esa cara.

O sr. Fírvida toma a palabra: Como te atreves a dicirnos a nós, que nós temos que facelo aí, pero de quen é competencia facer o centro de saúde, non estamos gobernando, pero resulta que nos deixastes unha pataca quente que non ten solución, que é que os únicos terreos que hai actualmente no planeamento son uns terreos, que agora por certo non lle valen a ninguén, e antes vos valían perfectamente e non fixestes nada por buscar outros terreos, nós o que lle pedimos á Consellería é que nos desen a oportunidade de poder buscar uns terreos mellores, iso foi o que lle solicitamos, para poder ter informes do servizo de urbanismo deste Concello, se era posible conseguir uns terreos mellores no menor tempo posible, ben, e agora vindes aquí, levamos aquí un mes e queredes facernos responsables da vosa incompetencia de vinte oito anos do voso planeamento, do voso solar, da vosa Xunta, e da vosa Consellería e resulta que a culpa diso vamos a tela nós que levamos aquí trinta días, cando o único que estamos facendo é intentar buscar solucións a unha pataca quente que nos deixastes vós, por certo se ningún tipo de solución, e nós non vamos a decidir onde se fai o centro de saúde por unha razón moi doada de entender, porque non podemos, non podemos porque



non temos competencias, porque as competencias sanitarias, non enganamos a ninguén, nós dixemos que iamos intentar buscar uns solares máis acaídos para facer o centro de saúde, sempre e cando se mantivese o compromiso por parte da Consellería da licitación, se a Consellería nos retira o financiamento e a licitación, loxicamente nós non podemos facer outra tramitación, porque ademais nos están advertindo que teríamos que asumir uns custes e que o financiamento se perdía, ou sexa que por encima de facer esta negociación coa Consellería, vostedes nos veñen a culpabilizar a nós do que está pasando no centro de saúde de A Valenzá, nós que levamos 30 días que levamos feito toda esta xestión resulta que somos os culpables de que se vaia facer no único solar que vostedes deixaron no planeamento, e é culpa nosa de que a Xunta que é do Partido Popular vaia facer o centro de saúde no sitio que vostedes queren.

O sr. González toma a palabra: No goberno do bipartito estaba aprobado ese solar, vostedes estiveron oito anos agora nas eleccións municipais dixeron que tiñan un solar, que tiñan tal, era todo fume, iso é o mesmo que fixeron co programa, estanse comendo a metade do que prometeron nas eleccións, enganando ós cidadáns, estaba licitado dende o 27 de febreiro, é unha pardillada con perdón da expresión, e non o digo co ánimo de insultar vir paralizar a Xunta. As eleccións foron o 24 de maio de o 27 xa estaba licitado, o centro de saúde íase facer xa hai meses, estano atrasando e están xogando con lume, facémolos responsables se se perde o centro de saúde, por incompetencia.

O sr. Padrón toma a palabra: Quero ser breve, simplemente pido un pouco de sentido común, que saquemos isto do debate político, porque está claro que senón nunca nos vamos a poñer de acordo, e que o Grupo de Goberno que asuma a responsabilidade, porque é unha obra moi importante para todo o Concello porque nos afecta a todos, entón que asuma a responsabilidade de convocarnos ós voceiros dos grupos e ós representantes veciñais, para que cheguemos a un acordo, para que estudemos a documentación que temos hoxe enriba da mesa, e non nos esteamos lamentando do que puido ser, e que o saquemos para adiante conforme se poida, porque é o que nos vai pedir a veciñanza. Entón simplemente que o retiremos do debate político, que nos xuntemos os voceiros dos grupos e que nos xuntemos cos representantes veciñais, e toda esa documentación que a poñamos en común e que tratemos entre todos de sacar isto adiante pero sen misturalo no debate político, creo que é un tema moi importante, hai outras cousa que no debate político poden ir, pero creo que o centro de saúde debémolo sacar fóra do debate político.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Algún rogo, ou pregunta.

A sra. Vispo toma a palabra: Eu teño outra pregunta, é para o señor Alcalde e o señor Tenente



Alcalde, houbo un acto, a Noite Moucha, e utilizouse un quinteto da Escola de música municipal de Barbadás, como todos saben, é a nosa sorpresa cando algúns comerciantes que non pertencen a esa asociación, non vamos poñerlle nome aquí, non lles levaron o grupo de música, senón que soamente ían, e iso podemos traer aquí un escrito dos comerciantes que non están en Agaeca, que din que cando levaba o señor Tenente Alcalde, o quinteto só ía onde estaban os globos azuis, e creo que o quinteto da música da Escola municipal págana todos os comerciantes e todas as persoas cos impostos de Barbadás, iso que quede aí. Isto era un acto privado dunha asociación, duns comerciantes, que o grupo popular non está en contra, pero se ese quinteto se usara correctamente, en todos os comercios de A Valenzá, non traeríamos isto aquí pero si soamente porque por un grupo de whastapp que se teñen nesa asociación dicíase que soamente se levase a eses comercios e o podemos demostrar.

A sra. González toma a palabra: Efectivamente houbo unha petición por parte da Asociación de comerciantes de Barbadás para que se lle aportase un grupo de música para amenizar a Noite Moucha, ben a continuación de facer esa petición eu persoalmente chamei a Páxaro, o director da Escola de música, e pedinlle se podían enviar a cinco gaiteiros, foi proposta del o de cinco gaiteiros, que creo que ti sabes que iso o fan habitualmente á Noite Moucha, pero con gasto cero, entón díxome que si, entón en concreto esa actuación foi gasto cero, a orde foi a seguinte, transmitida ademais directamente, van pola Avenida de Celanova, parten da estatua da familia cara arriba e despois cara a baixo, hora e media, dúas horas, así foi a orde, se a fixeron doutra maneira non o sei agora mesmo porque non estiven ó seu lado, ó mellor ti si, ó mellor ti ías ó lado dos gaiteiros bailando ou algo digo eu, estouche contestando, ti estás dicindo que eses gaiteiros non o fixeron así como che estou dicindo eu, e eu estouche dicindo que a orde era esa, que eu non ía ó seu lado non sei se ti, e no caso de ir ó seu lado se tes probas por favor sacas as probas aquí e dismo, eu o que si che digo é que con respecto á Escola de música efectivamente hai durante todo este tempo unha serie de actuacións que se fan pagando, pero esa en concreto non.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Moi brevemente.

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos a ver, custe cero xa o sabía, pero para todos os comerciantes de A Valenzá, estean ou non estean na asociación, e o señor Tenente Alcalde acompañábaos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Iso non é certo.

O sr. Tenente de Alcalde toma a palabra: Porque quede claro, o señor Tenente Alcalde ese día tiña unha reunión, acabou a reunión ás once da noite, e funme a cear a un bar de A Valenzá.



O sr. Alcalde toma a palabra: O señor Ramón Riós se ten algún rogo, non.

A sra. Gómez toma a palabra: Simplemente preguntar porque quedou no aire o outro día nas Comisións Informativas, cando van ser os Plenos, falárase de luns, de mércores.

O sr. Alcalde toma a palabra: Martes

A sra. Gómez toma a palabra: Iso foi aprobado en Pleno quérolle recordar o 18 de xuño por unanimidade, que sería os luns, entón nós non estamos de acordo. Outra cousa tamén creo recordar neste Pleno o 18 do mes pasado aprobouse por unanimidade que sería os luns e que serían ás oito da tarde, houbo algúns grupos que protestaron por esa hora, quedouse en estudar a hora, tamén é outra pregunta, vai seguir sendo ás oito.

O sr. Alcalde toma a palabra: Inicialmente díxose sete e media no inverno e oito en verán. Algún rogo

A sra. Vispo toma a palabra: Rógolle o Grupo Municipal que habilitasen todos os medios posibles para o adecuado funcionamento de todos os grupos políticos da oposición, necesitamos tres locais onde poidamos pois ter ordenador, ter o mesmo que tiñades vós antes, entón igual que a ubicacion que temos aquí creo que os meus compañeiros neste mesmo momento hai unha persoa que, xa sei que nós pasamos polo que sexa, non fai falla que agora digamos, pero por favor arranxádeo canto antes, e si necesitamos os locais a disposición dos grupos da oposición. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Dito isto que ten vostede razón e que tomamos nota, tamén é certo que cumpría que o anterior goberno tomara nota de que íamos a ser dezasete concelleiros xa dende hai moito tempo, e non se fixo nada, dito isto tomamos nota do asunto para poder resolvelo, pero é que certo, é así de sinxelo e de certo.

O sr. Villanueva toma a palabra: eu o que digo é que levamos aquí tres horas case catro, e o 20% do tempo que levamos aquí dedicástesllos a falar tonterías, e dicir tonterías dos vinteoito anos anteriores, aquí houbo xente que dixo que chegaron aquí dunha maneira e saíron doutra, aquí ningún dos que está aquí cando chegou igual que saíu, porque agora simplemente vamos saír catro horas máis vellos, entón deixádevos de dicir tonterías, falade do que se vai facer, esquecédevos do pasado, o que pasa é que tedes unha gana de vinganza que non dades dito o que queredes, iso é o que penso eu, e non vos digo nada máis, cando veñamos aquí, vamos mirar para adiante, para atrás non mires que podes levar un golpe grandísimo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Aquí estamos todos a traballar polo futuro do noso Concello pero evidentemente estamos nun presente que se deriva dunha traxectoria de vinteoito anos que ten unhas



secuelas. Hoxe é un Pleno de inicio practicamente de legislatura, e quero ser condescendente e respectar absolutamente as quendas de palabra e a democracia neste Concello que ó mellor durante moito tempo non se fixo. Vostede tócalle falar no momento que á súa voceira llo permita e lle ceda a palabra. Volvo a dicir, queremos ser absolutamente democráticos respectar as quendas de palabras ser flexibles nos tempos de intervención, pero cunha medida por favor. Para todos e para todas.

O sr. Padrón toma a palabra: Simplemente que o tema diso que se resolva para o próximo Pleno, que se resolva o tema este do espazo. E logo que se me, agora que falamos do tema dos Plenos, si, eu creo que chegara para chegar a un consenso, si os luns, despois os martes, despois falouse incluso para chegar a un consenso facelo os mércores, nós como Grupo Mixto estamos abertos ó que decidades, se queredes os mércores, os mércores, se queredes os martes, os martes.

O sr. Alcalde toma a palabra: Isto é cuestión doutro debate, noutro momento, que hai que presentalo, hai que levalo a Pleno posteriormente e falalo. Levántase a sesión.

A sra. Secretaria toma a palabra: Esta Secretaría fai unha advertencia ós Concelleiros, con este nivel de debate é absolutamente imposible e sobre todo na época estival ter as actas da sesión anterior listas, transcritas para a aprobación, é dicir, estamos a mediados do cadro de persoal polas vacacións e vai ser imposible, iremos cunha de atraso de momento.

O sr. Alcalde toma a palabra: Darlle as grazas a todos e a todas por estar aquí presentes e especialmente ós veciños por estar aquí ás doce da noite. Grazas.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 23:45 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL